

## cultura

A praza Maior acolle actividades de xadrez durante o mes de setembro. **Pax. 5**

## entrevista

A Manuel Curiel, director da Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo. **Pax. 6**

## sociedade

Conversa con Juan Alberto Losada, da Sociedade Protectora de Animais e Plantas. **Pax. 10**

## zona rural

Adxudican obras en estradas nas parroquias por valor de 206.000 euros. **Pax. 15**

## infraestruturas

Entran en funcionamento as modificacións do bus urbano. **Pax. 19**

# Un pasado romano que invita a coñecelo



## Reúnese a comisión do San Froilán

Darán a coñecer as propostas do Goberno sobre o pregoeiro e a ofrenda a Rosalía. **Pax. 11**

## Rematan as actividades da Deputación

Saborea a túa provincia e Actívate percorreron todas as comarcas con gran éxito. **Pax. 23**

## A paixón pola billarda e o xogo de equipo

Oito clubs da metade norte da península compiten nun deporte tradicional. **Pax. 28**

## Caudal Fest



Terá lugar os días 16 e 17 e xa ten dispoñible o seu cartel por días. **Pax. 5**

## Nova edición da feira



Cantigas e Frores organiza unha vez máis a súa tradicional Feira. **Pax. 9**

## Lugo pola igualdade



Convocan un concurso para sensibilizar sobre a trata de mulleres. **Pax.9**

## VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

**ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA**

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS  
CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES  
REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES  
CAPITULACIONES PATRIMONIALES  
PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

**¡Consúltenos!**

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606  
📷 veiguelabogados 📺 veiguela abogados



## A FONDO

# Un percorrido polo Lugo romano

Un dos principais valores da cidade son os seus vestixios históricos, que invitan ao turista a coñecer un pasado de máis de 2.000 anos

A cidade de Lugo conta cun gran pasado romano e dende 1986 comezan a realizarse escavacións arqueolóxicas sistemáticas atopando numerosos e importantes restos no subsolo da cidade de Lugo. Estes restos unidos aos diferentes museo constitúen un gran xeito de coñecer o pasado romano da cidade.

## CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA

A Muralla romana é o elemento principal dentro do Lugo romano, construída entre os séculos III e IV a muralla constitúe un auténtico modelo desde o punto de vista construtivo, xa que tanto a súa localización, situada orixinalmente entre un foso e un corredor interior ou intervallum, a súa estrutura a base dunha sucesión de cubos e cortinas e os materiais empregados na súa construción, fixeron de Lugo unha cidade preparada para resistir calquera ataque.

Actualmente, a muralla conta con dez portas que permiten entrar e saír do centro histórico da cidade. Destas portas, cinco considéranse orixinais da época romana. Ademais, o adarve que percorre a súa parte superior permite percorrer a pé os máis de 2 quilómetros dun perímetro que se conserva na súa totalidade, un trazo que fai que este monumento sexa único no mundo.

Declarada Patrimonio da Humanidade no ano 2000 este feito propicia a creación dun Centro de Interpretación situado na praza do Campo, dentro do centro histórico da cidade, e nun edificio entre medianeiras formado por planta baixa, dous pisos e baixo cuberta, cuxas orixes de construción se remontan a comezos do século XVIII. Na planta baixa está a zona de recepción e acollida do visitante. Con este Centro de Interpretación a



Dúas imaxes do centro de interpretación da muralla e, e á dereita, mosaicos das casas

cidade abre unha nova porta que desvela os secretos da Muralla mostrando desde as súas características constructivas, a súa historia ata os seus múltiples usos. Con unha perspectiva máis social e lúdica o espazo axuda a dialogar co viaxeiro o que lle proporciona unha porta cara o coñecemento do seu pasado.

## A CASA DOS MOSAICOS

Continuando polo centro da cidade outra visita importante para coñecer o Lugo romano é a Casa dos Mosaicos ou Domus Oceani. Este lugar debe o seu nome ao magnífico mosaico coa cabeza do Deus Oceanos descuberto na rúa onde se sitúa, Doutor Castro, en 1842.

Esta sala museística está integrada polos restos pertencentes a unha gran domus ou residencia señorial romana, datada a finais do século III ou principios do IV d.C, de notables dimensións e ricamente ornamentada.

Sita no centro da cidade, moi preto do antigo foro, pódense apreciar algunhas das súas dependencias como a sala de recepción e a súa antesala, ambas pavimentadas con mosaicos de gran calidade, un triclinium ou salón de inverno, os restos de un patio interior porticado e outros ámbitos menores. Parte destes mosaicos tamén se poden contemplar baixo o pavimento da rúa e tamén no baixo comercial do lado.



## A DOMUS DO MITREO

A Domus do Mitreo é un conxunto arqueolóxico que constitúe un dos espazos mellor conservados da antiga Lucus Augusti. Aquí pódense visitar os restos dunha gran casa romana que foi parcialmente destruída pola muralla e tamén dun templo adicado ao deus Mitra.

Este museo é un exemplo excepcional da historia urbana da cidade de Lugo. Con un total de 700 metros cuadrados este espazo agrupa diversos restos arqueolóxicos que permiten coñecer aspectos de gran interese acerca da evolución da cidade. Por un lado atopamos a domus, pertencente ao período altoimperial, onde se atopan dependencias

características das grandes casas romanas como a cociña, varios cuartos, o salón ou o patio porticado. Esta era unha vivenda de luxo que contaba con dous pisos.

A principios do século III d. C. a casa remodelábase, sufrindo cambios significativos nas funcións ou tamaño dalgunhas das súas dependencias, e é por volta do 212-218 d. C. cando se constrúe no primeiro piso o templo dedicado ao deus Mitra. Poucos anos despois desta transformación, a finais do século III d. C. iniciábase a construción da muralla que pasará, literalmente, por encima da domus, provocando a súa destrución parcial. O Mitreo, pola contra, non sufrirá dano ningún e permanecerá en uso ata o ano 350 d. C.

●	<b>UNIVERSIDAD</b> Grado en:			<b>ABAU</b> (Antigua selectividad) <b>BAC - E.S.O.</b> <b>ACCESO CICLOS</b>	<b>j.m.rivas</b> ACADEMIA
	<b>ROBÓTICA</b>	<b>ENX. AGRÍCOLA</b>	<b>ENXEÑARÍA CIVIL</b>		
	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	<b>ENX. FORESTAL</b> Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	<b>BIOQUÍMICA</b>	<b>ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.</b>	<b>PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA</b>		
●	Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos		Matemáticas - Física Química - Lengua - Gallego Inglés - Latín - Griego Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte	
●				<b>ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS</b> <b>ATENCIÓN PERSONALIZADA</b> <b>GRUPOS REDUCIDOS</b> <b>Preparación específica para subir nota en ABAU</b>	
●	C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			<b>jmrivas.es</b>	



O Mitreo, lugar onde se celebra o culto do deus Mitra esta situado na primeira planta da domus é un edificio de pequenas dimensións e presenta a planta característica destes templos: unha nave central con pilastras laterais. O chan, que parece semellar o dunha cova, é artificial e foi conscientemente elaborado desta forma para adaptarse á lenda mitraica. Non se atopou a imaxe do deus que debería estar ao fondo da nave, pero acháronse restos de bronce que poderían pertencer a ela.

Un achado excepcional dentro destes restos é unha inscrición cun magnífico grao de conservación, tanto do soporte como do texto, que se pode ler na súa integridade: Ao invicto Mitra, Gaius Victorius Victorinus, centurión da Lexión VII Gemina Antoniniana Pía Feliz, en honra da statio de Lucus Augusti e dos Victorios Secundus e Victor, os seus libertos. Colocou esta ara de bo grao.

O texto non só fala do deus senón que tamén nos permite coñecer a identidade do dono da casa, Victorio Victorino, e a de dous dos seus libertos. Sábese, ademais, cal era a súa ocupación e posición social, a de centurión da statio, un edificio de control da administración romana. A ara pode contemplarse in situ, no mesmo lugar en que foi atopada. Ademais da domus e do mitreo no museo pódese observar de xeito privilexiado a muralla romana sendo o único lugar de toda a cidade no que se permite observar os seus cimentos. Esta excavación afondou sete metros por debaixo do nivel do Lugo actual permitindo estudar a súa estrutura e métodos constructivos.

O museo da domus do Mitreo garda tamén algunhas pezas de exposición da época romana. Entre elas podemos atopar un morteiro romano ou unha entalla de anel. O morteiro que se utilizaba para cociñar indica un alto nivel económico tanto pola súa forma como pola materia prima



Arriba, o Domus Mitreo e o centro arqueolóxico de San Roque, e á dereita, fragmentos dun morteiro de mármore

coa que está feito.

A entalla de anel esta realizada en cornalina de cor laranxa e ten forma. Na cara superior conta con decoración incisa que representa unha biga guiada por unha Vitoria que suxeita as rendas dos cabalos na man esquerda, ao mesmo tempo que na dereita ten unha rama de palma. Este tipo de escena é un motivo amplamente representado na numismática e na glíptica romana. Ademais da súa utilidade como ornamento persoal, non hai que descartar outras posibilidades de carácter simbólico, máxico, representación de status ou anuncio de compromiso.

#### CENTRO ARQUEOLÓXICO DE SAN ROQUE

A escasos metros da Muralla Romana podemos encontrar o conxunto

arqueolóxico San Roque que está integrado polos restos dun cemiterio romano, un estanque cultural e un forno cerámico tardío. Todos estes elementos están vencellados á súa vez ao paso da vía romana XIX, outro dos importantes camiños históricos que cruzan a cidade.

Neste conxunto arqueolóxico consérvanse dúas tumbas pertencentes a unha gran necrópole que se mantivo activa ao longo de cinco séculos, documentando a presenza dos ritos funerarios de incineración e inhumación durante ese período. Ao carón da necrópole e da vía de acceso, construíuse, en torno ao século I d.C., un gran estanque de auga en opus caementicium (formigón romano), que estaría en relación co propio culto funerario ou quizais con algún culto relixioso máis complexo, no cal poderían estar presentes certas divindades orientais, segundo se



traduce dos simbolismos dos relevos por onde circulaba a auga.

A presenza dun forno empregado para a fabricación de material cerámico testemuña o uso industrial ao que se dedicou esta zona nas postrimerías do século V d.C.

#### SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ

A sala de exposicións Porta Miñá atópase situada fronte a porta da Muralla da que recibe o mesmo nome. No seu interior acolle unha mostra permanente sobre o Lugo romano. A través dun dilatado percorrido histórico organizado en catro bloques diferenciados: orixes, esplendor, fortificación da cidade e o seu ocaso; os visitantes a esta sala de exposicións poderán coñecer en profundidade este período da historia da cidade que abrangue desde as orixes de Lu-

cus Augusti no século I a. C ata o seu declive a finais do século V d.C.

En toda a exposición úsanse como recurso expositivo unha serie de elementos gráficos que dan conta dos principais aspectos da antiga cidade romana, que acompañan a unha colección única e moi ampla de obxectos significativos da vida do día a día no Lugo Romano.

#### VENTÁS ARQUEOLÓXICAS

Unido a estes museos e conscientes da gran importancia dos restos estes últimos anos estase traballando na recuperación e posta en valor para mostralos ao público con unha musealización in situ a través de ventás arqueolóxicas incorporados na cidade. Todos estes elementos permiten configurar un itinerario para poder coñecer este pasado romano da cidade.



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874  
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito



# Cambios do novo curso

**Dous centros impartirán o Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía e dous ciclos incorpóranse ao modelo plurilingüe este ano que comeza**

O IES Lucus Augusti e o IES Nosa Señora dos Ollos Grandes impartirán o vindeiro curso o Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), unha acción enmarcada na Estratexia Galega para a Educación Dixital, Edudixital 2030, que ten entre os seus obxectivos promover a vocación do alumnado cara á investigación científica e tecnolóxica, mediante unha metodoloxía que lle facilite a incorporación e adaptación á ensinanza universitaria é tendo en conta a perspectiva de xénero.

O STEMbach, que inclúe o desenvolvemento dun proxecto de investigación, contribúe a afon-

dar no traballo das competencias matemática e básica en ciencia e tecnoloxía mediante os elementos e os procedementos da investigación e do método científico, dun xeito rigoroso, ordenado e crítico. Facilita tamén a adquisición de competencias transversais, como a creatividade, o sentido da iniciativa e o emprendemento, a resolución de problemas, o traballo en equipo, o pensamento crítico e a cidadanía global; así como a mellora das destrezas comunicativas e expresivas, con énfase na comunicación e divulgación científica, nas competencias dixitais e na incorporación da intelixencia artificial.

A Xunta implantou esta iniciativa por primeira vez no curso 2018/19 como experiencia piloto, que se foi consolidando ata chegar aos 726 alumnos matriculados o curso pasado (case un 56% mulleres).

O STEMbach ten unha duración de dous cursos académicos e pode incorporarse a el o alumnado de calquera das modalidades de Bacharelato. Os participantes desenvolverán un proxecto de investigación, no segundo curso do Bacharelato, relacionado con calquera ámbito de coñecemento das materias cursadas na etapa, que estará co-dirixido por un docente pertencente a un departamento



universitario ou entidade de investigación de Galicia e do que o alumno realizará unha defensa do traballo en sesión pública.

**PLURILINGÜES.** A Xunta autorizou un total de 66 ciclos formativos plurilingües que comezan no curso académico 2022/23 en 33 centros educativos galegos. En 57 deles a formación realizarase a través de módulos en inglés, en dous deles en inglés e francés e en

sete en portugués.

Os novos proxectos na provincia e en inglés son o do IES Val do Asma de Chantada co ciclo de Desenvolvemento de aplicacións web, no CIFP Politécnico de Lugo no ciclo de Ensinanza e animación sociodeportiva e no CIFP As Mercedes de Lugo cos ciclos de Automoción e Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina. No IES de Guitiriz o ciclo de Soldadura e caldeiraría será en portugués.

## O ciclo Revenidas chega á cidade

O festival Revenidas expándese e achega a distintas localizacións de Lugo algúns dos espectáculos máis interesantes de artistas galegos.

Así, o grupo Treixadura chegará a Lugo o domingo 23 de outubro para actuar no Pazo de Ferias e Congresos ás 20.00. Este escenario foi elixido como ocasión da vixésima edición da celebración do Día do Veciño, que organiza a Federación de Asociaciónes Lucus Augusti. Treixadura, creado en 1990, está inmerso actualmente na xira de presentación do seu novo traballo, Camiño longo, no que recuperan as melodías dos seus inicios e celebran os máis de 30 anos de andaina do grupo.

## O Camiño Escena Norte fará parada en Lugo o día 29

Chega unha nova edición do Camiño Escena Norte, unha iniciativa de intercambio cultural entre as comunidades polas que discorre a ruta xacobeá do Camiño do Norte, que este ano se expande a 38 sedes de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e, por primeira vez, Navarra, coa participación de 15 compañías de teatro, danza e novo circo.

O percorrido galego desta programación será desde o 10 de setembro ata o 9 de outubro e presentará oito espectáculos nas

localidades de Lugo, Vilalba, Viveiro, Santiago de Compostela, Arzúa, Ames e Carballo.

Baixo o lema Medran os sorrisos, a edición de 2022 preséntase como a meirande das celebradas ata o momento en canto a actividades, compañías en xira e espazos, aos que se incorporan por vez primeira escenarios de Navarra e da provincia de Araba. O Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo acollerá o 29 de setembro a *Erre Produkzioak* (País Vasco) con Fake (trampantojo).

## Lugo acolle unha masterclass de danza para a xuventude

A área de Xuventude ofrecerá masterclass gratuítas de danza urbana do 5 ao 11 de setembro, en diferentes prazas da cidade dirixidas a toda a mocidade lucense. As sesións estarán impartidas por Leo e Esther Alonso e contarán coa participación de diferentes Djs. Trátase dunha actividade recomendada para maiores de 16 anos, totalmente de balde, e sen necesidade de inscrición previa. Todas as sesións terán lugar ás 19:30 horas e serán o luns 5, na Praza do Castiñeiro con Dmiron; o martes 6, na Praza do Camiño Primitivo, con Dmiron; o mércores 7, na Ponte Vella, con Dmiron; o xoves 8, na Praza



da Milagrosa, con Marcos Peón; o venres 9, na Praza de Augas Férreas, con DJ Jayem; e o domingo 11, na Praza de Santa María con Manu Chady

**GALEGA DE IMPERMEABILIZACIÓNS**

Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC e láminas asfálticas, de aplicación en:  
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns  
**ESTRUCTURAS ENTERRADAS • LÁMINAS ANTIRADÓN**

FACEMOS DEPÓSITOS PARA AUGA POTABLE

Rúa Fernando de Castro, 6 - PLANTA BAIXA. 27600 SARRIA - LUGO / Tfnos.: 659 198 769 - 677 341 559 / galegadeimpermeabilizacions@gmail.com



## O Caudal Fest xa ten o seu cartel por días

O Caudal Fest que terá lugar os días 16 e 17 de setembro xa ten dispoñible o seu cartel por días e pon a venda o próximo 29 de agosto as entradas para un so día a partir de 39€ mais gastos. A venda de abonos para os dous días continúa a venda a 59€ mais gastos.

O venres 16 Izal, que se despiden dos escenarios, Estopa e Morad son os grandes atractivos do día. Estas tres actuacións estarán acompañadas de outras grandes artistas como León Benavente, Carriño, Terbutalina, Grande Amore, Fresquito y Mango, Judeline, Los flingos e a banda Infrarroja.

O sábado Robe, excantante de Extremuduro, e os Ilegales como prato forte do día compartirán



escenario cos artistas Delaossa, Cupido, Ciudad Jara, Muejeres, Ciclonautas, Paranoid 1966, Forget la France e Apart.

## A praza Maior acolle actividades de xadrez

O Goberno de Lugo e a asociación cultural Xaquedrum continúan co ciclo de promoción do xadrez Xadrez para todas, con actividades abertas na praza Maior durante o mes de setembro. Estas actividades nacen co obxectivo de “espetar a curiosidade e o interese polo xadrez, achegando ás familias sobre as vantaxes que a súa práctica representa sobre a dimensión educativa”, explicou Felipe Rivas.

A praza Maior acollerá actividades abertas relacionadas co xadrez durante o mes de setembro, de luns a venres, entre as 18 e as 20 horas. Instalarase un xadrez xigante, ademais de varios xadrecs convencionais, permitindo achegarse a xogar ao xadrez a toda a veciñanza

que o desexe.

Para estas actividades non será preciso inscribirse previamente. O concelleiro de Educación destacou que “con esta actividade retomamos as accións que xa puxemos en marcha antes do verán en distintas zonas da cidade, que foron un éxito de participación”.

Felipe Rivas destacou “o grande interese que está a achegar o xadrez na poboación”, e engadiu “a práctica do xadrez supón un magnífico instrumento para adquirir unha maior axilidade mental e unha serie de habilidades sociais tales como a capacidade de concentración e de síntese, ademais de mellorar a memoria, o cálculo, a toma de decisións ou a creatividade”.

## Continúa aberta a inscrición nas casas das linguas municipais

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreira, anunciou que continúa o período de inscrición nas casas das linguas para o curso 2022-23. O período de inscrición estenderase ata o vindeiro día 8 de setembro para as dúas Casas das Linguas.

As persoas que desexen anotarse a algún dos cursos ofertados (galego, portugués, inglés, francés, alemán e linguaxe de signos) deberán presentar a documentación necesaria: fotocopia do DI, folia de inscrición, fotografía de tamaño carné e xustificante de pago de taxas para os

maiores de 14 anos, ademais da autorización familiar e fotocopia do DI do pai, nai ou titor legal no caso das menores de idade. Cada grupo contará con 20 prazas para adultos e 15 prazas para nenas e nenos.

Entre o 8 e o 14 de setembro abrirase o proceso de matrícula, unha vez publicadas as listaxes de admisión aos cursos. As clases darán comezo o luns 15 de setembro e rematarán o 16 de xuño de 2023. Pode consultarse máis información no blog das casas das linguas municipais.

## Remata o programa O que queda de verán

A nova edición de O que queda de verán remata o día 8 tras esgotar os catro espectáculos previstos nas tardes dos xoves desde o 19 de agosto. A nova edición de O que queda de verán achegará espectáculos de circo, teatro e música para público familiar nas tardes dos xoves a partir das 18:00. A entrada será gratuíta ata completar a cabida.

Así, o 8 de setembro terá lugar Adoro de Cia Alta Gama que presenta as vicisitudes da parella fronte ao amor. Ela ven a deslumbrarnos coa súa voz e a súa música. El, o seu axudante, que máis que axudar, interrompe. Un perfecto xogo de clown. Dous idiotas que enredan e pelexan. O resultado sempre é o mesmo: O público rí. Adoro é un espectáculo que



nos invita a amar, rír e soñar. Un lugar onde as relacións de parellas e as súas complicacións lévanse con humor e alegría. Un show de “clown” con música en directo e sorprendentes acrobacias sobre a bicicleta.

## Os tardeos e noiteos despídense cunha ampla programación

Os tardeos e noiteos promovidos polo Goberno de Lara Méndez despídense neste mes de setembro cunha ampla variedade de actuacións musicais, obradoiros, e actividades para todas as idades nas diferentes zonas da cidade. Esta programación enmárcase no movemento Localmente Lucense que o executivo municipal puxo en marcha, a través da área de Desenvolvemento Local e Emprego, que dirixe a edil Ana Abelleira, para dinamizar as rúas e os barrios lucenses e impulsar as compras e o consumo no comercio e a hostalería local.

“Os tardeos e noiteos, xunto con outras actividades como os mercadinhos á beira do Miño ou as festas temáticas que organizamos na Tinería durante o verán están a resultar un éxito tanto pola participación de veciños e veciñas como pola oportunidade que supoñen estas citas para o comercio e a hostalería da cidade”, valorou Ana Abelleira.

Os tardeos de setembro terán lugar en horario de 17:00 a 20:00 horas, mentres que os noiteos celebraranse de 21:00 a 23:00 horas.

## O certame de cantautores Lugoson será o 17 de setembro

O certame de cantautores Lugoson busca rendir homenaxe á figura musical de Javier Krahe, é necesario presentar tres cancións orixinais de máximo cinco minutos de duración e acompañadas só de un instrumento.

Este certame busca dar visibilidade a música de autor nun evento que celebrará a súa final o 17 de setembro con actuacións dos cinco finalistas seleccionados.

### SOLICITA TU KIT DIGITAL

El Kit Digital es una iniciativa del Gobierno de España, que tiene como objetivo subvencionar la implantación de soluciones digitales disponibles en el mercado para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

#### ¿Qué servicios te ofrecemos?

Desde Ingeniería Insitu, colaboramos con Galicia Digital e Innogando para ofrecer los mejores servicios a nuestros clientes.

- Web y Posicionamiento.
- Tienda Online/Ecommerce
- BI y Analítica
- Gestión de Redes Sociales. Social Media.
- Comercio electrónico.
- Servicios de oficina virtual.
- Gestión de procesos.
- Factura electrónica.
- Comunicaciones seguras.
- Gestión de clientes.



#### PARA MÁS INFORMACIÓN

Correo electrónico: [lugodigital22@gmail.com](mailto:lugodigital22@gmail.com)  
Número de teléfono: 623 53 94 67

### ¿ESTÁS DESEMPREGADO E AÍNDA NON COÑECES REINICIA TE ENCAMIÑA O TEU FUTURO?

REINICIA TE ENCAMIÑA O TEU FUTURO É UNHA INICIATIVA CREADA POLA ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA FORMAR A DESEMPREGADOS DE LONGA DURACIÓN.

OS CURSOS COS QUE PODERÁS OBTEN O CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE SON:

GESTIÓN Y ORGANIZACIÓN DE LOGÍSTICA Y REPARTO

COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2

AT. SOCIO SANITARIA A PERSONAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIONES LOCALES

RELEVO GENERACIONAL PARA EL MANTENIMIENTO DE LA VIDA

[lugoempleo@eoi.es](mailto:lugoempleo@eoi.es)  
T: 982 260 204 / M: 672 06 33 31  
[lugoempleo.com](http://lugoempleo.com)





# “O único segredo é a afección ao cinema do público lucense”

Manuel Curiel, director da Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo

Este ano a Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo celebra a súa 44 edición do 19 ao 24 de setembro cunha homenaxe a María Casares. Falamos con Manuel Curiel Fernández autor do libro sobre a figura da artista e director da Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo

## Como comeza a súa vinculación co cine?

Cando tiña dez anos no Gran Cinema da Fonsagrada, leváboo Don Cosme Iglesias Trevín (que tamén era propietario doutros cinemas da provincia, entre eles o Victoria de Lugo). Eu fíxenme o seu amigo e axudante. Pintaba as carteleiras, ía recoller e enviar as películas ao coche de liña, e axudaba na cabina de proxección (todo isto ás agachadas da familia). Así, asistía gratuitamente ao pase das películas sábados, domingos e días de feira. O local do cine estaba precisamente nos baixos da escola, por iso podo dicir que pasei na miña infancia máis días nesta casa que na miña propia. Logo cando me trasladei a Lugo a estudar o bacharelato, a miña amizade con Don Cosme abríame as portas do Cine Victoria, previa repartición dos famosos “prospectos” polo paseo de Lugo (Cantóns e rúa da Raíña) da película que programa o cine. Mais tarde en Santiago, tiven que inventarme outros sistemas, para e sobre todo, asistir diariamente ás sesións continuas do Salón Teatro., pero ese e outro cantar.

## Cal é o título do seu novo libro e cando sairá publicado?

Agora mesmo, estou inmerso

en dous títulos. O primeiro, que será presentado na próxima edición da Semana do Cinema é o dedicado á actriz coruñesa María Casares e o seu centenario. Será homenaxeada no Festival de Lugo, xunto a unha sección retrospectiva e unha exposición; así como a colocación dunha placa conmemorativa no Paseo do Cinema no parque de Frigsa. O seu título será María Casares. Vive desde hai cen anos. O segundo é un traballo para o Concello de Lugo de moitísima investigación sobre as películas estreadas en Lugo o Domingo das Mozas dos últimos cen anos. Será presentado coincidindo coas festas de San Froilán, dentro do seu programa.

## Como xurde a idea para este novo libro?

Xeralmente, os libros editados por Fonmiña, son traballos para a Semana de Cine, ao longo das súas edicións. Creo lembrar que



estamos preto da vintena de publicacións e todas elas relacionadas con xente do cinema lucense e galego. Cando se inicia o trámite dunha nova edición da Semana, a xunta directiva, reunímonos e estudamos todas as posibilidades e a quen homenaxear e de aí nace a figura da persoa ou o tema a quen lle dedicamos cada ano.

## Como nace a Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo?

A primeira Semana de Cinema de Lugo nace en 1979, a través dunha subvención concedida a Fonmiña por parte do Ministerio de Cultura de medio millón de pesetas (3000€), coa idea de facer unha semana de cine pero sen continuación. Ao ano seguinte a Xunta Directiva (a mesma que na actualidade) decidiu seguir adiante coa denominada Semana Internacional de Cinema de Autor un ano mais e así ata a actualidade, e van 44 edicións

## Cal é o segredo do éxito para continuar tantos anos con este festival?

Penso, que o único segredo é a afección ao cinema, non so por parte de Fonmiña, senón tamén do público lucense que nos ven apoiando ano tras ano. Todo iso coa estimada colaboración por parte do Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo e a Xunta de Galicia. Foron moitos os desgustos, atrancos, alegrías e emocións. Polo momento non atopamos xente para unha posible substitución, xa que o peso do



Festival e os anos non perdoan, pero de momento seguimos adiante aínda que sexa ano a ano.

## Cal será o prato forte desta nova edición?

Naturalmente as homenaxes a María Casares, Margarita Ledo Andión e Dario Xohán Cabana. Películas míticas como o son “O acorazado Potemkin” ou “O bosque do lobo”. O cinema infantil, a sección oficial, o cinema documental, practicamente a totalidade do cinema galego realizado, os mellores e mais premiados curtametraxes nos mellores festivais de todo o mundo e o novo cinema español inédito.

## Algunha recomendación persoal para non perderse?

Recoñezo a imposibilidade de ver 120 películas nunha semana (a min levoume máis tempo), pero que cada espectador estu-

de a totalidade da carteleira e que se faga o seu propio programa. O que si rogamos e agradeceremos é a súa asistencia.

## Que recorda con máis agarimo das pasadas edicións da Semana Internacional de Cine de Autor e cal cre que foi o momento máis difícil?

Recordo con agarimo a xente homenaxeada e que xa non está conosco Frank Braña, Eduardo Fajardo. A miña estancia na Arxentina para a realización do libro e documental de Enrique Muiño. A xente de Baleira que se envorcou na homenaxe á súa estrela Carmen Correa. En fin, ao longo de 44 anos foron moitas as penalidades sufridas pero máis as alegrías, o que nos fai seguir adiante coa Semana. Hai moi poucas actividades en Lugo que duren ininterrompidamente tantos anos e unha delas é a Semana de Cine.

tienda@promedisa.com  
@PromedisaLugo  
Promedisa Ortopedia

**COMPRA ON LINE**

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE  
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

**COMPRA ON LINE**

[www.promedisa.com](http://www.promedisa.com)

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715  
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374





*MUEBLES*  
***LA FÁBRICA SARRIA***

**LIQUIDACIÓN  
TOTAL**

**TODDO**

**20% - 30% - 40% - 50% - 60% - 70%**

**Por traslado de instalaciones a Matías López 49. Sarria**





# “O encontro difunde a escena creativa máis descoñecida”

Natalia Pia e Helena Rodríguez son as organizadoras do Vaia Vaia

O Vaia Vaia é un encontro de *fanzines* e *autoedición* que se celebra en Lugo os próximos 24 e 25 de setembro. Para esta terceira edición falamos con Natalia Pia e Helena Rodríguez as súas organizadoras.

## Que é o Vaia Vaia?

Trátase dun evento que pretende difundir a escena creativa máis descoñecida de Lugo e de toda Galiza, a través da cultura do fanzine e a *autoedición*. O obxectivo deste encontro non é outro que acoller durante un par de días unha feira de *autoedición* e constituírse como unha reunión pública e aberta a todo aquel que estea interesado nas publicacións independentes e autoxestionadas. Abrimos as portas a proxectos e persoas que aínda non se deron a coñecer ou que nunca se atreveron a participar nun evento destas características.

## Cando e como nace este festival?

O festival nace en 2020 entre un grupo de amigos interesados pola *autoedición* que regresaron a Lugo despois de pasar tempo fora, estudando ou traballando, e volveron con ganas de facer cousas nesta cidade, cansos de sentirse obrigados a buscar as oportunidades nas grandes cidades.

## Que é iso dos fanzines e a autoedición?

Esta é unha pregunta un pouco complicada de responder porque a idea de fanzine é algo que foi cambiando co tempo e ampliando as súas posibilidades. Na súa expresión máis esencial un fanzi-

ne é una publicación autoeditada, fotocopiada doblada e grapada. Pero pensamos que actualmente un fanzine pode ser calquer tipo de publicación ou incluso “cousa” que ti decidas que é un fanzine; dende o máis sinxelo ata o máis complicado.

## Que podemos encontrar nesta edición do festival?

O mercado de *fanzines* será o punto de encontro principal ao redor do que se organizan diversas actividades como obradoiros, mostras, charlas, mesas redondas, proxeccións, concertos...



## Que acollida tiveron as pasadas edicións?

Estamos moi contentas coa acollida que tiveron as dúas primeiras edicións da feira. A primeira foi moi especial porque foi no 2020 e a pesar de que aínda había moi-

tas restriccións pola pandemia, foi fermoso poder levar a cabo a actividade e reunirse con vellos e novos amigos e partillar espazos, conversas e intereses despois de tanto tempo de estar distanciados. Fainos felices coñecer persoas novas cada ano que se implican no proxecto e comparten a nosa ilusión e esperamos que siga sendo así por moito tempo.

## Que novidades presenta esta nova edición?

A principal novidade de esta edición é o cambio de localización. Danos un pouco de mágoa este cambio porque nas pasadas edicións o evento tivo lugar no Vello Cárcere e é un auténtico pracer traballar co seu equipo que é xenial e nos tratan moi ben; pero este ano apostamos por integrar nun mesmo espazo todas as actividades para que todo o mundo as poida disfrutar, incluídas as persoas que venden no mercado. É por iso que este ano farémolo no soto da praza de abastos de Lugo.

## A nivel artístico que supón a autoedición?

Creo que máis que a nivel artístico a relevancia da *autoedición* ten máis que ver con una visión do mundo e un posicionamento ante él. O fanzine está ligado a cultura do “faino ti mesma”; isto non é máis que un convite a producir o que queiramos por nós mesmos, escapando do discurso que nos convida a consumir constantemente e permítenos chegar a información que queiramos e compartila libremente. Calque-



ra persoa é potencialmente unha fanzineira porque todos temos cousas que contar. Facer *fanzines* é percatarse do potencial político que teñen.


## Que aportan este tipo de encontros para os novos creadores?

Unha das cousas máis lindas de facer *fanzines* é poder compartilos coas demais e as conversas que xorden ao seu arredor. Apréndese moito da xente que coñeces e do que fan, e tamén de compartir as túas publicacións. No caso dos *fanzines* é moi guai o feito de que recórtase a distancia entre o escritor e o lector e desdébúxanse os límites entre o produtor e o consumidor. Estes pequenos espazos abogan por actuar a pequena escala e dende

o persoal, sen pretender grandes impactos pero resistindo sutilmente dende as marxes.

## Está tendo un novo rexurdir o mundo da autoedición?

Non estamos moi segura de ter esta resposta pero cada ano hai novas edicións de feiras xa coñecidas e tamén xorden outras novas en diferentes puntos do estado. É un mundo inconstante e irregular pola súa propia natureza non comercial e fóra dos circuitos habituais pero sen dúbida segue existindo xente con ganas de facer as cousas de outra maneira, coa necesidade de contar o que lles move, de atoparse coas demais en persoa, e amantes empedernidas do papel antes que ca dunha pantalla.



Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental  
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es



## Nova edición da Feira do 48 de Lugo



A asociación Cantigas e Frores organiza unha vez máis a súa tradicional Feira do 48 que será os días 10 e 11 de setembro na praza Maior.

Durante esta fin de semana haberá música tradicional galega, baile e mostras de oficios e artesanía. Ademais serán xornadas para poder desfrutar da gastronomía galega.

Dentro da programación xa están confirmados os Cantos de Taberna do sábado dende as 11:48 nos que aínda se pode participar a través do teléfono 649421507 e tamén haberá unha ruada na que xa está confirmado o grupo Lagharteiras a falta de coñecer toda a programación da fin de semana.

## A superavoa xa ten o seu mural na praza do Sagrado Corazón

A concelleira Maite Ferreiro, e o concelleiro de Educación Felipe Rivas visitaron a praza do Sagrado Corazón, xunto con Sonsa, a veciña de Albeiros protagonista do novo mural desta praza, dentro do proxecto Superavoa, de Joseba Muruzábal. Culturbán é mostra de arte na rúa, organizado e coordinado pola Área de Cultura do Concello de Lugo xunto a Espazo Lupa Arte que este ano celebra a súa III edición. Desde o Goberno de Lugo propónse un proxecto adicado a crear, producir e apoiar actividades relacionados coa arte urbana co obxectivo de propiciar e difundir as intervencións artísticas no espazo público, programando diversas actividades sobre arte e cultura en diferentes lugares. Joseba Muruzábal, coñecido como Yoseba MP, é uns dous máximos



expoñentes da pintura contemporánea en galega. Licenciado en Belas Artes, o seu traballo caracterízase por un marcado estilo hiper realista, e en ocasións unido ao surrealismo, onde mostra escenas cotiás, a través dunha pincelada moi suxestiva e de forte influencia fotográfica. Desde os seus comezos

o seu proxecto Superavoa adquiriu un importante éxito, sendo as súas obras seleccionadas en numerosos certames e premiadas en varios concursos de artes plásticas.

Para o seu traballo en Lugo, escolleu a Sonsa, veciña do barrio de Albeiros que conta cun gran coñecemento da historia do barrio e da cidade.

## Novo mercadiño no Miño o día 11

Lugo acollerá un novo mercadiño 11 de setembro no Miño, ampliando así a programación desta iniciativa, que puxo en marcha a rexedora lucense a comezos de verán, co obxectivo de dinamizar a contorna fluvial e promover os produtos locais e de proximidade.

Trátase de mercadiños multidisciplinares, nos que converxen postos de comercios locais, obradoiros infantís, espazos para que particulares e asociacións mostren os seus produtos, así como unha zona decorada para facer pícnic, música e concursos.

Combinan postos de comercios locais, obradoiros infantís, espazos para que particulares e asociacións mostren os seus produtos, zona de pícnic, música ambiente, photocall e concursos con premios por valor de 1000 euros cada día en vales de compra.

## Convocado un concurso de TikTok sobre a trata de mulleres

A Concellería de Muller e Igualdade pon en marcha, por segundo ano consecutivo este certame que compilará vídeos da rede social TikTok. Esta actividade conmemora o Día Internacional Contra a Explotación Sexual e a Trata de Persoas que se celebra o 23 de setembro.

O obxectivo desta convocatoria é potenciar a reflexión e a concienciación sobre a igualdade e contra a explotación sexual e tráfico de mulleres a través da actividade creativa. Para isto, elixiuse a plataforma TikTok, pola facilidade de creación que pro-

porciona e por ser unha das redes sociais favoritas da mocidade.

Formar parte deste certame é tan sinxelo como subir un vídeo á rede TikTok, co cancelo do concurso (#Lugoporlaigualdad) e cubrir un formulario, onde tamén se poden consultar as bases. A duración das obras será dun minuto e pódense empregar todas as posibilidades creativas, sendo imprescindible que a conta sexa pública. Poderán participar todas aquelas persoas que residan, traballen, estudien ou naceran en Lugo maiores de 14 anos.



**OBRADOIRO START IOT.** Entregados os certificados de profesionalidade aos 16 mozos e mozas que participaron no obradoiro impulsado polo Concello de Lugo, START IOT 5.0., certificado que os capacita para traballar no campo das novas tecnoloxías creando tanto páxinas webs como aplicacións. O curso enmárcase nos obradoiros que o Concello pon en marcha para axudar a mellorar a empregabilidade da veciñanza.

## Continúan as festas na Milagrosa

Durante a semana continuarán as festas do barrio da Milagrosa, que deron comezo o día 2 e que rematarán a fin de semana.

Haberá programación de festas, o luns 5 a verbena ás 21.00 coa orquestra Acordes e a actuación de Pili Pampin e o martes un torneo de tenis de mesa ás 16.00 e verbena a cargo do dúo Pekados ás 21.00.

Para rematar, o mércores día 7 terá lugar unha festa infantil con globoflexia, pintura de caras, maquillaxe e chocolate con churros ás 17.00. Celebrarase tamén un torneo de xadrez na Rúa Mallorca ás 19.00 e rematarán ás festas con unha verbena a cargo do dúo Elixir ás 21.30.

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126

¡COMIENZA EL COLE!  
Nosotros estamos listos y... ¿TÚ LO ESTÁS?

Librería Troll

Curso 2022-23

Material escolar - Papelería - Libros - Material Oficina - Juguetería - Regalos...

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500  
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com



# “Temos case 200 animais aquí e outros tantos en casas de acollida”

Juan Alberto Losada, da Sociedade Protectora de Animais e Plantas

## Cando nace a protectora de animais de Lugo?

A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo inscribíse no rexistro o 5 de febreiro de 1982 co que podemos presumir de ser unha asociación con unha longa vida, máis de 40 anos atendendo a cans e gatos abandonados e moitísimos casos maltratados.

## Cal é a situación actual?

Somos unha das protectoras con máis animais de Galicia e aínda que é de todos coñecida a mala situación das protectoras en xeral, con exceso de animais nas súas instalacións e con falta de recursos, teño que recoñecer que a Protectora de Lugo subsiste grazas ás subvencións do Concello, Deputación Provincial e da Xunta. E que non se me malinterprete, o que quero dicir é que dentro do mal que estamos todas as protectoras a nosa foi aumentando as axudas oficiais que con algún altibaixos permítenos chegar ó final do exercicio con unhas condicións aceptables.

## Que principais problemas hai na actualidade?

Na actualidade hai un tema que, aínda que é certo que se está prolongando no tempo máis do desexable, teño a esperanza de que esta longa espera valga a pena. Isto é o cambio de localización do albergue que xa ten un destino concreto, o antigo matadoiro na estrada do Páramo e que se ó final se cumpren as previsións creo que a calidade de vida dos nosos animais albergados mellorará substancialmente. Como xa todo o mundo sabe a existencia dun suposto regato subterráneo que a Confederación Hidrográfica sitúa no

centro da parcela en Santa María de Muxa é o culpable de que teñamos que cambiar de aires e cancelar unhas obras que xa estaban contratadas. Levamos anos facendo remendos nas vellas instalacións pero xa é hora de que os cans e gatos que non teñen unha familia teñan polo menos unha protectora cunhas condicións de vida á altura das súas necesidades.

## Cantos animais hai agora mesmo?

A día de hoxe temos no albergue case 200 animais e case outros tantos en casas de acollida. Estas son unha peza fundamental da protectora e se non fóra por elas estas instalacións non poderían soportar semellante cantidade de animais.

## Canta xente forma parte actualmente do proxecto?

Se falamos de número de persoas, comentar que contamos con 550 socios. Ademais dos socios hai outra figura de vital importancia para o funcionamento do albergue e é a figura do voluntario. Os voluntarios realizan labores de apoio, paseos de cans, socialización, divulgación... A Directiva formámola cinco persoas, voluntarios tamén que tratamos de xestionar o mellor que podemos.

## Como é o día a día na asociación?

Non queda tempo para aburrirse. Temos un persoal de 7 ou 8 persoas que inclúe 2 veterinarios, 2 laceiros e 3 ou 4 persoas de limpeza e mantemento. Con tantos animais este persoal non é suficiente e aí xorde a figura do voluntario que son un pequeno grupo que se ocupan de forma especial do benestar dos animais, coordinando os paseos,

cepillado, acariñando, bañando, simplemente acompañando e dándolles aos cans e gatos albergados todas esas cousas que normalmente non se atopan facilmente nun canil dunha protectora. Por exemplo simplemente unha caricia para eles é moito, e de verdade vale a pena a experiencia.

## Como é o verán con respecto o abandono de animais?

No verán sempre hai un lixeiro repunte nas entradas de animais no albergue pero non estou seguro se obedece a un aumento real do abandono. Eu bóttolle máis a culpa a que a xente está máis tempo na rúa e hai máis posibilidades de ver a ese gran número de animais que por desgraza abandonáanse e pérdense ao longo de todo o ano. O que si que observamos este ano é máis afluencia de gatos tanto adultos coma cachorros.

## Nestes últimos anos mellorou a situación con respecto o abandono?

Son moi escéptico e vese xente moi boa e moi concienciada que se preocupa, que adopta e que mesmo busca aquel can de difícil saída, polo seu carácter, polo seu físico, pola súa idade, pola súa mala saúde mesmo, verdadeiros amantes dos animais. Pero tamén seguimos vendo, e non é un caso illado, camadas completas de cans e gatos no contedor do lixo, cans atados de forma continuada, cans abandonados a súa sorte por ter tumores ou enfermos para non afrontar o gasto veterinario. Sinceramente creo que a situación pode estar a cambiar un pouco positivamente, pero non o suficiente e agora a crise económica pode que faga aflorar máis donos de animais que lles da igual desfacerse deles de calquera xeito.

## Cales cre que poden ser algunhas posibles solucións?

A xente non quere gastar o diñeiro en castrar e eu sacaría unha liña de axudas para realizar castracións masivas. Doutra banda controlaría por parte da administración autonómica o efectivo cumprimento das leis en canto a protección animal. Refírome á identificación dos animais e digo administración autonómica a propósito pois normalmente na zona rural os alcaldes non se mollan xa que lles importa ter ao votante contento.

## Hai máis concienciación con respecto á adopción ou a compra de animais segue sendo moi importante?

Eu creo que si, efectivamente adóptanse cans e aínda que as entradas son importantes tamén o son as saídas. Pero segue habendo mercado



para os compradores que queren un can con pedigree.

## Que lle diría a esa xente que aposta por mercar un animal de compañía antes que adoptar?

Diríalles que antes de mercar den un paseo pola páxina web da protectora ou mellor aínda que se pasen pola protectora en persoa, que se paseen polos caniles mirando aos ollos a todos eses animais, cans e gatos, que buscan unha segunda oportunidade, é difícil que non xurda un frechazo. Ás veces son os cans os que elixen ao seu adoptante e é cuestión de deixarse querer xa os cans da protectora van a agradecer toda a súa vida esa oportunidade que está na túa man darlles cando adoptas.

## Que hai que ter en conta antes de adoptar un animal de compañía?

Primeiro estar seguro da decisión que se vai a tomar. Pensar que os animais de compañía senten e non son un xoguete con un prazo de devolución. Así que se non estás seguro pénsao dúas veces. Se a conclusión é que queres adoptar elixe un can acorde co ritmo de vida que vas a levar, se vai vivir nun piso ou no exterior, se vas facer moita actividade física ou unha vida moi tranquila, e dicir, que a raza ou o físico do can non sexa o determinante senón as personalidades de ambos

## Que formas hai de colaborar coa protectora?

A forma máis sinxela é facerse socio a través de unha cota anual desde mínimo 40 euros ata o que queiras. Outra forma de colaborar é ser padriño ou madriña. A cota mínima é de 6 euros ao mes e podes apadriñar o can que elixas e encargarte de pasealo, divulgalo por redes sociais, preocuparte especialmente polas súas necesidades, visítalo periodicamente para sacalo do seu canil, levarlle unhas chuches... Isto creará un vínculo importante que vai facer que ese can espere por ti e te reciba dunha forma tan intensa que probablemente penses nel cando non o teñas diante. É unha relación bonita e merece a pena. O voluntario como xa falamos pode ser socio ou non,

é dicir, non require pagar ningunha cota. Simplemente consiste en axudar a animais que o necesitan, na protectora entran moitos cans medorentos, cans que foron maltratados, abandonados e que o pasaron moi mal e simplemente o feito de pasar tempo con eles fai milagres e canto máis complicado é o can maior será a satisfacción.

## Hai algunha historia especial de todos estes animais que pasan por esta asociación?

Si, antes falabamos da importancia das casas de acollida que teñen algún can temporalmente e por exemplo algún can que enviamos adoptado a Reino Unido e para que vaian máis socializado está en casa de acollida un período de tempo, un mes ou dous cando se despiden ás veces ven imaxes de emoción, abrazos, choros. Estou a pensar nun en particular que pediu a dirección do can en Reino Unido para ir velo a casa da súa adoptante, os vínculos que se crean son moi fortes. Tamén é triste ver a unha serie de cans que entraron no albergue de cachorros e hoxe estanse facendo vellos no albergue porque ninguén se fixou nelles. En algúns casos porque non eran os máis guapos, ou porque eran PPP e tiñano máis difícil polas esixencias de licenza e seguto ou simplemente por mala sorte ou porque tiñan mal xenio. Mal xenio que non me estraña que teñan cando ven que os seus colegas de canil vanse marchando e eles vanse quedando nunha especie de cadea perpetua inxusta que fará que moitos deles morran tras as reixas dun canil. Maya, Pistón, Lucía, Rocky, Tedín, Beka, Mirandela, Geraldine, Gus, Felps, Castiñeiro, Rubio son nomes de cans que por esta situación apuntada merecen se cabe mención especial e se alguén quere botarlles unha ollada na páxina web da Protectora ([www.protectoralugo.es](http://www.protectoralugo.es)) e facer un oco a algún deles sempre será ben recibido. Desta lista, e non é que me esquecese falta SAMBO, morreu días pasados no seu buraco con case 9 anos e moitos, moitos de protectora. Triste realidade para estes desafortunados.

**erika pilates center**

Pilates en grupos reducidos - Pilates parto - Pilates postparto  
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo  
Telf.: 699 519 141 / [erikapilates@hotmail.es](mailto:erikapilates@hotmail.es)  
[www.erikapilates.es](http://www.erikapilates.es)



## A Deputación renova a súa colaboración con Raiolas

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e a presidenta da Asociación Raiolas Lugo, M<sup>re</sup> Inés Flores Lozano, renovaron a colaboración que mantén a institución provincial con esta entidade por un total de 22.000 euros. Con esta axuda, a Deputación apoia a Raiolas Lugo para prestar atención especializada a un total de 65 usuarios e usuarias con TEA (Trastorno do Espectro Autista), e a 115 pais e nais.

José Tomé subliñou o compromiso que mantén a entidade que preside coa atención das persoas con capacidades diferentes e puxo en valor o traballo que realiza Raiolas Lugo na loita por conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Co programa Intervención en Contextos Naturais co que colabora a Deputación grazas a este convenio, Raiolas presta un servizo de apoio ás persoas con TEA e as súas familias nos propios domicilios ou naqueles lugares que se acorde na provincia de Lugo. O obxectivo é proporcionarlles un servizo de apoio ou guía para que os usuarios e usuarias desenvolvan ao máximo as súas capacidades, facilitando a comunicación ou a comprensión das súas necesidades por parte das familias.

## O Concello volve licitar as casetas do polbo cunha rebaixa

Abriuse un novo procedemento de licitación das casetas do polbo para o presente San Froilán. A concelleira explicou que “queremos garantir a volta das casetas mantendo o prezo a pagar polas persoas que desexen achegarse a esta instalación, traballando da man co sector da hostalería para asegurar as mellores condicións”.

O Goberno de Lugo activou de novo o procedemento de licitación para adjudicar as casetas do polbo despois de manter diversos contactos co sector, garantindo que estas instalacións volvan estar presentes no San Froilán 2022 despois de dous anos de parón producidos polas distintas restricións sanitarias derivadas da crise da Covid.

No novo prego, os orzamentos base de licitación saen a concurso cun mínimo de 9.824,50€ para a caseta 1, 8.842,05€ para a caseta 2 e 8.187,08€ para as 3 e 4. Os caldeiros saíron a concurso cun orzamento base de 6.178,93€ o número 1, 5.561,04€ o número 2 e 5.149,11€ os números 3 e 4, o que supón descontos próximos ao 50% do prezo orixinal de licitación, seguindo o marcado na normativa



fiscal do Concello.

Por iniciativa da área de Cultura, a comisión de festas aprobou manter os produtos das casetas, mantendo os mesmos prezos que no 2016. Deste xeito, as persoas que visiten as casetas do polbo poderán consumir cada ración de polbo (250g) a 12€, a ración de pan e de cachelos (200g) a 1,50€ e a botella de viño (3/4l) a 6€.

**COMISIÓN.** A Comisión de Festas reunírase o martes 6 de setembro

para valorar os avances realizados pola área de Cultura de cara ao San Froilán 2022. Segundo explicou Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, “estamos a ultimar a edición 2022 do San Froilán, que se parecerá máis ao San Froilán 2019 que ás edicións dos últimos dous anos, marcadas polas distintas restricións da pandemia”. Ferreiro afirmou que “na vindeira xuntanza levaremos a proposta de pregoeira das festas e oferente a Rosalía”.

## Animan á veciñanza a acudir ás accións de concienciación no uso dos desfibriladores

A edil de Benestar Social, Olga López, anima á cidadanía a familiarizarse co uso dos desfibriladores que o concello instalou en todas as dependencias municipais, urbanas e no rural, así como en prazas e espazos principais da cidade porque “todos estamos capacitados para utilizalos ante situacións de emerxencia, non é necesario que teñamos títulos homologados, solo coñecementos”, sostivo.

Neste senso, a concelleira convida á veciñanza a participar nas campañas que o Concello está a desenvolver nas prazas públicas co obxectivo de formar aos veciños e veciñas no uso dos desfibriladores. As xornadas gratuítas, que comezaron no mes de xuño, continuarán ata setembro.

A edil apuntou que se trata dunha iniciativa “magnífica” para amosar á cidadanía como teñen que reaccionar ante unha situación de emerxencia, “achegando uns coñecementos básicos que poden salvar unha vida” e, sobre todo “para que a cidadanía perda o medo a utilizar estes dispositivos, moi intuitivos e fundamentais para incrementar as posibilidades de supervivencia tras unha parada cardíaca”.

**4**  
40º ANIVERSARIO

PARLAMENTO DE GALICIA

EXPOSICIÓN  
**O PODER DA PALABRA**  
40 ANOS DO PARLAMENTO DE GALICIA | 1981 - 2021

LUGO  
8 DE SETEMBRO - 8 DE OUTUBRO

SEDE AFUNDACIÓN  
Praza Maior, 16 Lugo

Horario  
Luns a venres de 17.30 a 20.30 h  
Domingos e festivos pechado

Colabora:  
**Afundación**  
Obra Social ABANCA



## O programa Aprende Xogando abriu o prazo de inscrición

Aprende Xogando abriu o prazo de inscrición para o 1º trimestre do curso, correspondente ás tardes dos meses de outubro, novembro e decembro. A matrícula poderase realizar ata o 6 de setembro de xeito telemático.

Os obxectivos deste programa son facilitar o acceso ao traballo, á formación e á participación social das persoas con menores ao seu cargo, promover hábitos educativos axeitados nas nenas e nenos e fomentar a práctica do xogo en grupo seguindo o modelo coeducativo.

“Apostamos de novo por esta prestación, que permite a conciliación e ademais faino con métodos que contribúen ao desenvolvemento da personalidade das nenas e nenos a través do xogo e

dos xoguetes como eixes central de intervención”, subliñan dende o concello, cun apoio especial ás mulleres no seu proceso de participación sociolaboral.

O Aprende Xogando está dirixido a nenas e nenos empadroadas/os no Concello cunha idade comprendida entre os 4 e os 12 anos. Poderán acceder ao programa menores con 3 anos que se atopen escolarizados e sempre que cumpran os 4 anos no período solicitado.

O programa levarase a cabo en horario de tarde, das 16:00 ás 20:30 horas e en período das vacacións escolares tamén con opción de mañá, das 9:00 ás 14:00 horas nos centros Maruja Mallo e Uxío Novoneyra, así como na nave de vías e obras do parque da Milagrosa.

## Lugo, único concello galego galardoado co Premio Boas Prácticas Locais polo Clima

O proxecto de planificación dun barrio multicolóxico na zona da Garaballa, impulsado no marco da estratexia LIFE Lugo+Biodinámico como modelo de resiliencia urbana, foi galardonado co segundo premio na IX edición do Certame de Boas Prácticas Locais polo Clima, organizado pola Rede Española de Cidades polo Clima, integrada na FEMP.

Lugo foi o único municipio galego galardoado neste certame, concretamente na categoría Adaptación ao cambio climático.

A actuación posta en marcha polo executivo de Lara Méndez neste bosque de ribeira, un dos

grandes patrimonios naturais de Lugo, obtivo o segundo premio na categoría de Medio Hídrico na segunda edición destes premios, outorgados pola Rede de Gobernos Locais+Biodiversidade.

O novo galardón acadado polo Concello será entregado durante un acto que terá lugar no marco da Asemblea Xeral da Rede Española de Cidades polo Clima que se celebrará en Málaga, o 23 de setembro. A primeira edición do Premio de Boas Prácticas Locais polo Clima celebrouse no ano 2006; desde entón e con carácter bianual convocáronse as sucesivas edicións.

## Paula Prado respalda cunha visita a Lugo a candidatura de Candia

A secretaria xeral dos populares galegos, Paula Prado, reivindicou a súa formación como “o partido da xente” fronte a un Goberno central que vai “a rebufa” das políticas do PP. “Somos o partido que máis se parece a Galicia porque escoitamos as demandas dos galegos e aportamos solucións”, engadiu.

Nunha visita ao centro histórico de Lugo acompañada pola candidata á Alcaldía e presidenta provincial, Elena Candia, Prado insistiu en que a súa formación atende ás demandas dos cidadáns para logo trasladalas ao ámbito do Goberno. Mostra disto é o traballo realizado pola Xunta de Galicia, que está ao carón das familias neste complicado momento económico.

Así, a número dous dos populares galegos puxo en valor medidas como o Bono social eléctrico, iniciativas destinadas ás pequenas e medianas empresas, os 17 millóns de euros para o sector cárnico ou axudas para o inicio do curso escolar.

Pola contra, lamentou que o único que teña que aportar o Goberno central sexa copiar as medidas do PP, poñendo como exemplo o acontecido esta semana co anuncio por parte do Estado da baixada do IVE do gas, unha proposta que os populares xa puxeron enriba da mesa hai seis meses mentres os ministros de Pedro Sánchez cualificábanos como “unha ocorrencia que non era unha prioridade”.

**APOIO A ELENA CANDIA.** Paula Prado e Elena Candia tamén participaron na reunión semanal celebrada polos populares de Lugo, que tivo lugar no Hotel Méndez Núñez. Nesta xuntanza, o voceiro do Grupo Municipal do PP, Ramón Carballo, brindou o apoio de todo o partido á can-



didata á Alcaldía, destacando que “se manterá a coordinación fluída e constante coa alcaldable”.

Elena Candia apuntou que “é imprescindible a unidade e a implicación de todos” e eloxiou “o traballo constante e de política útil desenvolto pola agrupación local”. “Son unha persoa municipalista e coñezo de primeira man os sacrificios que conleva a política local, por iso quero agradecer a todos o traballo que estades a realizar”, sentenciou.

**LUGO NECESITA UN CAMBIO.** “Lugo necesita un cambio”, manifestou a secretaria xeral durante a súa visita, explicando que a cidade leva anos soportando unha situación de “absoluta parálise institucional” no Concello, cun Executivo municipal “inmerso en batallas continuas” entre o bipartito formado polo PSOE e o BNG.

Ante este contexto, incidiu en que a urbe precisa as “políticas innovadoras e a estabilidade” que só pode ofrecer o PP, con Elena Candia á fronte. Neste sentido, Prado resaltou o paso dado pola candidata, salien-

tando o seu compromiso e traballo “ao servizo do proxecto do partido e a disposición, con toda a humildade e ilusión, da cidade de Lugo”.

Pola súa parte, Candia tamén criticou ao mal funcionamento da Administración municipal, mencionando que, nos últimos días, a Xunta de Goberno só aprobou dúas licenzas. “É un dato absolutamente insuficiente, xa que nos consta que hai un volume de peticións de licenzas de tres díxitos gardados nun caixón sen tramitar”, sinalou recordando tamén a ineficacia do Concello para atallar as fugas de auga, “algo que nestes momentos é de absoluta prioridade”.

Fronte a todo isto, a candidata subliñou que o traballo dos populares debe ser “construtivo e en positivo”, remarcando tamén a importancia “da proximidade e da entrega para obter o apoio da xente”. Igualmente, avanzou que a folga de ruta que guiará aos populares de Lugo nos vindeiros meses estará construída dende “a unidade, a ilusión e as ganas” para converter á urbe no motor da provincia.



PARALELO43

Porque una buena web empieza...  
por lo que no se ve

Si te planteas tener una web, cambiar la que tienes, mejorarla...

**Ilámanos 607 963 291**

porque un buen funcionamiento  
empieza por dentro







Por Lugo:

**VAI  
EN  
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)



**#activandolugo**



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e  
Infraestruturas



# A MAXIA DAS PARROQUIAS

## Santa María de Teixeira

**Situada a 12 quilómetros de Lugo, esta parroquia ten no espazo natural dos lagos o seu principal atractivo**

Santa María de Teixeira é unha parroquia situada a doce quilómetros da cidade de Lugo que conta con case 120 habitantes repartidos en dez núcleos de poboación entre as que se atopan Cotillón, Roade, Dornas ou Rozas. A parroquia de Santa María de Teixeira conta cun enclave natural como un dos seus principais atractivos. A área recreativa dos Lagos de Teixeira é un espazo construído nos anos oitenta no que se realizaron varios lagos artificiais aproveitando un entorno natural única. Ademais conta con outros elementos como un circuito de madeira para facer ximnasia, casetas con pato e tamén zona de barbacoas e mesas para poder disfrutar de un día no campo ca familia e amigos. A área recreativa dos Lagos de Teixeira limitan cos montes Penalva e Arco, un espazo natural de gran diversidade que resulta un dos principais atractivos deste entorno. Ademais da diversidade natural tamén se pode atopar diferentes animais dende mamíferos ata animais acuáticos que viven neste espazo natural dos Lagos de Teixeira. Podemos recorrer o entorno

do lagos por diferentes sendeiros, descubriendo os seus ricóns naturais ou tamen realizar algunha das diferentes rutas que atravesan a área recreativa tanto camiñando como en bicicleta. Se subimos ata a caseta de vixilancia contra incendios no alto do monte penalva poderemos apreciar unha preciosa vista panorámica. A parroquia de Santa María de Teixeira conta tamén con unha bonita igrexa de planta rectangular situada a carón do cemiterio.

A construción realizada en nave única e con granito é, xunto cos lagos, un dos principais atractivos da parroquia.

Para os amantes das motos esta parroquia conta con outro gran atractivo, o circuito MotoPark Jorge Prado. Esta nova pista de motocross consiste nun circuito de 2.000 metros de pista e 10 metros de ancho que aproveita os desniveis naturais do terreo para facer parte dos saltos. Conta cunha ampla variedade de saltos e trazadas para todos os niveis e con algún salto máis técnico para os pilotos máis experimentados. Esta pista de motocros permite que Lugo conte con un circuito de referencia no noroeste peninsular, unha pista única en Galicia polas súas características que pode acoller competicións mundiais.





## CON LA MÚSICA A OTRA PARTE

en septiembre inauguramos NUEVAS INSTALACIONES en Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

ABIERTO PLAZO MATRICULA CURSO 22/23

f

Pide información o reserva tu horario en el: 687 58 25 59

@

Sesiones de muestra gratuitas



**DESCUBRE EL MÉTODO MUSICAEDUCA**

Para aprender música jugando a partir de los 10 meses.

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación instrumental de 5 a 8 años.

# HEIKO

ESCUELA DE MÚSICA

**FORMACIÓN MUSICAL**

Desde 7 hasta 100 años con metodologías activas e innovadoras para todos los instrumentos, individual y colectivas.

Lenguaje musical • Armonía

Refuerzo conservatorio y preparación de prueba de acceso.



## Adjudican obras en estradas locais por valor de 206.000 euros

A área de Medio Rural mellorará o firme de varias vías municipais. En concreto, trátase dos accesos á parroquia de Ribas de Miño, partindo da pista de Argonde e atravesando o lugar de Vilachá, onde a obra alcanzará, neste caso, non só á estrada principal senón tamén os camiños que conducen ás vivendas e á Igrexa. “Destes traballos, encargárase a empresa Grupo Bascuas que disporá dun orzamento de 59.362€ e dun prazo de 2 meses para executalos”, explicou o edil.

Miguel Fernández sinalou que, por outra banda, a Xunta de Goberno vén de adjudicar a Cholo SL a contratación de labores similares na pista de Teicelle e da Ferrería (nos lugares de Teicelle e O Caínzo; parroquia de Lamas), por importe de 25.434 euros e tamén na estrada que atravesa o Lugar de Piñeiro (en San Martiño de Piñeiro) e na CP-2402 – no Lugar do Val – até as proximidades da CP-1611 en Santa Cristina de San Román por valor de 15.726 € e 105.999 €, respectivamente, con cargo ao Plan Único da Deputación Provincial.

As tarefas previstas incluírán a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas e a adaptación dos rexistros existentes ás novas rasantes, así como a reposición do firme con aglomerado en quente. Fernández aproveitou, así mesmo, para anunciar a licitación do mantemento do camiño entre Calde e O Burgo, cuxo proxecto foi autorizado na sesión desta mañá. Neste caso, o Concello, destinará 125.225 euros.



### Acondicionamento de estradas en cinco núcleos da zona rural

Estanse a realizar traballos de acondicionamento e mellora de estradas municipais en cinco núcleos do concello, co obxectivo de incrementar a seguridade viaria nelas antes da chegada do inverno, cando as inclemencias meteorolóxicas dificultan os desprazamentos.

Realízanse traballos de rexeneración

de firmes e eliminación de fochancas que a Brigada municipal está a executar no núcleo do Vilar, parroquia de Santa Eulalia de Bóveda. Tarefas que se unen ás xa realizadas en Recimil, Conturiz, a Louzaneta e Monte de Meda, en resposta ás necesidades observadas e ás demandas dos veciños e veciñas.

#### SANTA MARÍA ALTA E MATELO.

A Xunta de Goberno adjudicou á empresa Francisco Gómez y Cia SL a realización dos traballos por un importe de 76.410 €, que serán financiados con cargo aos fondos do Plan Único de Cooperación que o Concello de Lugo mantén coa Deputación Provincial.

O concelleiro socialista sinalou que os labores previstos, que unha vez formalizado o contrato terán un prazo de execución de dous meses, incluírán a rexeneración do firme mediante aglomerado en quente, alén da limpeza de beiravías e a adaptación dos rexistros existentes ás novas rasantes.

### O PP pide un estudo do saneamento na Louzaneta

Segundo explica o PP, na Louzaneta, aínda quedan vivendas e empresas sen acceso ao saneamento. Neste caso, os veciños puxéronse en contacto co Grupo Municipal do Partido Popular para reivindicar o seu dereito a ter acceso a este servizo. “O máis sorprendente, neste caso, é que algunha das vivendas e naves afectadas está a menos de 10 metros da canalización que da servizo a unha das urbanizacións da zona, polo que non se entende que sigan sen ter a posibilidade de estar conectadas a este sistema de evacuación de residuos”, explican.



## As parroquias contaron este verán con centros de convivencia para nenos

A área de Benestar Social habilitou este verán 350 horas de animación para favorecer a conciliación das familias lucenses que residen no rural.

Así, ao abeiro do programa Aulas Abertas, un cento de crianzas das parroquias de Calde, Soñar, Santiago de Saa, Santa Comba, Pías, O Burgo e San Xoan do Campo gozan estes meses dun tempo de convivencia que tamén está a servir para fornecer as redes veciñais e sacar partido ás dependencias municipais coas que contan na súa contorna.

“Recuperamos as antigas escolas unitarias e os centros de convivencia dos núcleos e enchémolas de vida novamente, poñéndoas ao servizo das e dos residentes ao tempo que ofrecemos unha opción segura para compatibilizar a xornada laboral coas vacacións estivais, achegando un entretemento lúdico e didáctico para os máis pequenos e pequenas da casa”, sinalou Lara Méndez.

A alcaldesa e a concelleira de Benestar Social, área que impulsa esta iniciativa, visitaron dúas destas Aulas Abertas para coñecer in situ o seu desenvolvemento e compartir coa rapazada momentos de xogo e divertimento.

“É, sen dúbida, a mellor das maneiras de fomentar o apego polo rural e o arraigamento: a través da que renza aos lugares de orixe como un factor clave que propiciará despois o asentamento de poboación nelas”, incidiu a rexedora.

Méndez explicou que, trala pandemia, “a reapertura dos centros de

convivencia permítenos empregarlos para obter unha dobre finalidade. Primeiramente dar un servizo moi estimado á cidadanía, que é o de poder compaxinar as obrigas profesionais co tempo de lecer que nosos fillos e fillas teñen nesta época, achegando unha alternativa de ocio que favoreza a socialización entre iguais. Mais tamén aproveitar estas xornadas para a aprendizaxe, a promoción de valores de coidado á natureza e de sentimento de pertenza a un lugar que, co paso dos anos, será unha fonte de bos recordos e fermosas vivencias. Esto sen esquecer que a utilización das instalacións posibilita tamén unha mellor conservación das mesmas, adquirindo un protagonismo para a veciñanza que incita ao coidado colectivo”, sinalou a alcaldesa.

Pola súa parte, a edil Olga López Racamonde, indicou alén que, “a través desta prestación, que tamén se desenvolve nos centros de convivencia da capital, ao redor de 600 familias atoparon no Concello unha solución de conciliación este verán. E debido á eliminación das restricións de aforo que impuxo a Covid no seu día, puidemos incrementar a oferta municipal de dinamización infantil no municipio, tan necesaria nun período prolongado de lecer como son os meses estivais”.

A concellería de Benestar, Inclusión e Maiores lembrou que esta área promove ademais outras actividades para a terceira idade en prol do coidado da súa saúde e para evitar o seu illamento social, dentro da estratexia 8 – 80.

**mybike Lugo**

VISITA NUESTRA WEB: [www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
[www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)



## A DEPUTACIÓN REMATA A RENOVACIÓN E POSTA EN SERVIZO DA AVENIDA INFANTA ELENA



### O Presidente da Deputación e a Alcaldesa de Lugo cumpriron co compromiso de ter renovada e en servizo a Avenida Infanta Elena este verán

Con estas obras, o treito da vía que vai dende o enlace coa Ronda Norte á glorieta 25-N pasou a ter entre dous e tres carrís de circulación por cada sentido, unha rotonda á altura de Paulo Fabio Máximo, carrís bici, beirarrúas, iluminación LED, mobiliario urbano e arboredo en todo o percorrido.

O Concello de Lugo impulsou estas obras, que financiou integramente a Deputación de Lugo con 1M€, para dotar de maior seguridade e comodidade á cidadanía.



O Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, cumpriron co seu compromiso de ter renovada e en servizo a Avenida Infanta Elena este verán.

"Houbo unha transformación estética que é evidente, pero, sobre todo, conseguimos que os condutores, os ciclistas e os viandantes circulen con máis seguridade con máis comodidade por esta avenida. Conseguímos, en definitiva, unha mellora moi relevante en canto a mobilidade", subliñou o Presidente provincial.

"A mobilidade mellora a vida da xente, axuda a fixar poboación, dinamiza a economía e o emprego, e fai competitivo a un territorio. Por iso, na Deputación de Lugo temos un claro compromiso para seguir mellorando as vías de comunicación da nosa provincia", sinalou Tomé Roca.

Este proxecto, promovido polo Concello de Lugo e financiado integramente pola Deputación de Lugo, permitiu que o treito da Avenida Infanta Elena que vai dende o enlace coa Ronda Norte á glorieta 25-N teña entre dous e tres carrís de circulación por cada sentido, unha rotonda á altura de Paulo Fabio Máximo, carrís bici, beirarrúas, iluminación LED, mobiliario urbano e arboredo en todo o percorrido, mellorando a seguridade e comodidade de condutores e peóns, así como a fluidez do tráfico.



### 30M€ para mobilidade na provincia

José Tomé destacou que o compromiso da Deputación de Lugo coa mobilidade "tradúcese nun esforzo económico moi importante" pois dedica a este eido un terzo do Orzamento total da Deputación, é dicir, en torno a 30 millóns de euros ao ano, "para actuacións que desenvolvemos de maneira directa ou en colaboración con outras administracións, como é este o caso, co Concello de Lugo", subliñou.

Para a Deputación e para o Concello, urbanizar é sinónimo de humanizar. Esta é unha obra que pon o acento en valores como a seguridade, a sustentabilidade e a recuperación de espazos públicos para a cidadanía.

Apuntou que esta obra, na que a institución provincial investiu máis de 1M€ e que tamén se encargou de executar, "é un exemplo máis da colaboración da Deputación cos concellos da provincia". Tamén puxo en valor a colaboración cos 67 concellos da provincia, algo que "constitúe a mellor maneira de sacar adiante medidas de calado, que benefician á xente".

O Presidente ratificou o seu compromiso para apoiar desde a Deputación de Lugo a execución dunha segunda fase destas obras, para completar o desdoblamento e a humanización da Avenida Infanta ata a rotonda do Ceao.





### Cara un municipio máis verde, sostible e integrador

A Alcadesa de Lugo, Lara Méndez, subliñou que "é unha enorme satisfacción ver o remate das obras da primeira fase de desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena, logo dun arduo e complexo proceso que implicou a tramitación, por parte do Concello, da expropiación de 33 parcelas e a ocupación temporal doutras 32 e, polo tanto, a intermediación con 65 propietarios, cos que tivemos que chegar a acordos".

Neste senso, a rexedora destacou que "grazas á colaboración entre a Deputación e a administración local fixemos posible este proxecto, moi importante para a veciñanza de Lugo, pois permitiunos mellorar de maneira substancial a seguridade viaria e a accesibilidade de condutores, viandantes e ciclistas, transformando unha das arterias de comunicación máis importantes da cidade, ao tempo que humanizamos o espazo, en consonancia coa nosa aposta por un municipio máis verde, sostible e integrador".

### O proxecto

No tramo que vai do enlace da Avenida Infanta Elena coa Ronda Norte ata a Avenida Paulo Fabio Máximo actuouse para que a vía de 11 metros de ancho, cun único carril por cada sentido de circulación, sen beirarrúas e sen alumeado, adquirise un ancho de 30 metros. Na marxe dereita ten dous carrís de circulación de vehículos sentido O Ceao e un carril bici con ambos sentidos de circulación, segregado do tráfico rodado con dobre liña e separador físico con elementos de plástico reciclado. Na marxe esquerda ten agora tres carrís de circulación, en sentido centro da cidade. Créanse beirarrúas a ambas marxes de 4,05 metros cada unha, que contan con arboredo, bancos e papeleiras, e unha mediana de 1,40 metros con céspede e arboredo. Dotouse tamén de alumeado.

Para favorecer a seguridade e fluidez do tráfico, á altura da intersección coa avenida Paulo Fabio Máximo -antes regulada por semáforos-, quedou instalada unha rotonda. Na marxe dereita -en sentido O Ceao- deuse continuidade ao tránsito peonil e de bicicletas, urbanizando a sección completa ata o

paso de peóns e de ciclistas, e conectando coa calzada preexistente. Na marxe esquerda, deuse continuidade tamén ao itinerario peonil coa adaptación do paso de peóns existente.

### Glorieta Paulo Fabio Máximo – Glorieta 25N

A parte da vía entre as glorietas Paula Fabio Máximo e 25N xa estaba completamente urbanizada e contaba con 30 metros de ancho, as mesmas dimensións coas que se dotou o tramo que vai dende o enlace coa Ronda Norte a Paulo Fabio Máximo. O obxectivo do proxecto neste caso foi darlle continuidade ao trazado e circulación de peóns, bicicletas e vehículos, redistribuíndo o espazo das calzadas para que quede igual que o treito Ronda Norte-Paulo Fabio Máximo. Deste xeito, pasouse dos anteriores dous carrís por cada sentido a establecer, na marxe dereita, dous carrís de circulación de vehículos sentido O Ceao e un carril bici en ambos sentidos de circulación, segregado do tráfico rodado. Na marxe esquerda quedaron tres carrís de circulación, sentido centro da cidade. As beirarrúas quedaron como estaban, con 2,40 metros de ancho cada unha, ao igual que a medianeira, que sigue tendo 5 metros de ancho, pero acondicionada con árbores.

En canto á iluminación, agora é de baixo consumo, cun total de 144 puntos Led. Colocáronse nun tramo que estaba sen iluminar (Ronda Norte-Paulo Fabio Máximo) e substituíronse as luminarias da parte restante (Paulo Fabio Máximo-glorieta 25N).

### Carril bici

O novo trazado do carril bici permite conectar coa parcela na que se sitúa o edificio Impulso Verde, o primeiro público de Galicia construído con madeira galega, un proxecto enmarcado no plan Life Lugo+Biodinámico, que impulsa o Concello de Lugo con fondos europeos e coa colaboración da Deputación de Lugo.

Ademais das actuacións urbanísticas, o proxecto incluíu os servizos de saneamento e abastecemento: a dotación no tramo Ronda Norte-Paulo Fabio Máximo e o reforzo das canalizacións existentes no de Paulo Fabio Máximo-Glorieta 25N.



ESPECIALIZADOS EN:

AUGAS

ESTRADAS

TECNOLOXÍA DO PAVIMENTO

CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

*En Galicia desde 1969*





## Novo obradoiro e programa de formación para desempregados

O Concello porá en marcha un novo obradoiro de emprego, denominado LugoSostible 5.0, que xerará oportunidades laborais para 20 desempregados lucenses.

As áreas nas que se centrará, principalmente son as TICs e a xestión do marketing e a comunicación.

O obradoiro, que previsiblemente dará comezo a mediados de setembro, terá unha duración dun ano e os participantes estarán retribuídos co salario mínimo interprofesional (1.000 euros ao mes). Estará organizado pola área de Desenvolvemento Local e os contidos serán impartidos de forma presencial no CEI Nodus.

Contará con tres especialidades formativas: Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web, para a que se ofertarán 7 prazas; Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos, que contará con 7 prazas; e Xestión de marketing e relacións públicas, para a que haberá dispoñibles 6 prazas. As accións propostas contemplan a obtención do certificado de profesionalidade de nivel 3.

Para a admisión dos candidatos, propostos polo SEPE, haberá un proceso selectivo.

**DESEMPREGADOS.** Tamén se anunciou o lanzamento dun novo programa de formación e asesoramento dirixido a persoas desempregadas para que poidan poñer en marcha os seus propios proxectos empresariais. Trátase do programa Back2Work, a cargo da Escola de Organización Industrial (EOI) e co financiamento do Fondo Social Europeo (FSE), de xeito que será totalmente gratuíto para os e as participantes.

En total haberá 15 prazas dispoñibles. Os interesados poden solicitar toda a información a través do correo electrónico [cwlugo@eoi.es](mailto:cwlugo@eoi.es) ou no teléfono 982 297 468. As inscricións están abertas e o inicio da docencia está previsto para o mes de outubro.

A formación será maioritariamente presencial, a través do Centro de Empresas e Innovación do Concello (CEI Nodus), situado na Avenida da Coruña.

## Presentan EcoLugo, o novo servizo de limpeza municipal

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, presentou EcoLugo, o novo servizo de recollida de residuos urbanos, da limpeza viaria e da xestión do Punto Limpo, que comeza a andar baixo o lema *LuceLugo*. O contrato adjudicouse por 10 anos sen prórroga, e dicir, ata o 2032, e que conlevará un gasto anual de 11,7 millóns de euros, que case duplica o custe actual.

EcoLugo subrogou a totalidade da plantilla da anterior concesionaria, e que agora irá incorporando novos traballadores e traballadores, ata acadar unha plantilla de 180 persoas partindo dos 133 actuais, o que suporá un incremento dun 35,3%.

A maquinaria do servizo renovarase na súa totalidade, así como toda a flota de vehículos; 102 novas máquinas e equipos auxiliares de limpeza, e 29 de recollida de lixo, que serán todos vehículos eléctricos, híbridos ou a GNC, e contarán cos máis inno-



vadores sistemas de aforro de combustible, de redución do impacto sonoro.

Tamén se irán renovando os colectores e incorporando novos, ata un total de 4.031. O obxectivo do concello é homoxeneizar a súa imaxe, minorando o impacto visual, mellorar a seguridade e accesibilidade dos usuarios e aumentar a capacidade de recollida para evitar que se produzan situacións de desborde. Así,

umentarase a capacidade nun 100% na fracción orgánica, que se implantará este ano, un 78% os envases, un 42,3% a fracción resto e un 28,6% o papel cartón.

Tamén tras o verán actuarase nas illas dos colectores soterrados que existen na cidade, readaptándoos e homoxeneizando os buzóns.

Ampliarase tamén a quince operacións diarias de barrido, baldeo e desbroces entre outras.

## As persoas que teñan bonos da piscina exterior de Frigsa poderán compensalos

O Concello de Lugo, tras optar por abrir a gratuidade da piscina exterior de Frigsa ante a negativa da Xunta de Galicia a autorizar a plataforma do río Miño, compensará ás persoas que teñan os bonos xa adquiridos da seguinte maneira: Poderán utilizalos nas piscinas climatizadas das Pedreiras e Frigsa a partir do 1 de setembro.

Poderán utilizalos na piscina exterior de Frigsa no verán próximo e, neste caso, o Concello duplicaralle o número de baños previstos nos bonos de maneira gratuíta.

Para solicitar a compensación, os interesados deberán achegarse ás instalacións de Frigsa en horario de 9.00 h. a 14.00 horas ou de 16.00 h. a 20.00 horas, e presentar o correspondente abono acompañado do DNI titular do mesmo.

A Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, anunciou onte que eximirá do pago de acceso ás piscinas exteriores para que "ningún veciño deixe de ter a oportunidade de refrescarse ante as altas temperaturas deste verán".

A rexedora sostén que ante a discriminación do Goberno galego aos lucenses, "desde o Concello habilitamos alternativas porque só nos move ou benestar da nosa veciñanza".

## O Concello adapta o alumeadado ornamental á normativa de aforro enerxético



A concellería de Infraestruturas Urbanas actualizará o acendido do alumeadado ornamental da cidade á normativa de aforro enerxético decretada nos últimos días polo goberno do estado. A nova normativa estatal indica que a partir das 22:00 se deben apagar as instalacións de alumeadado ornamental, polo que a rede de alumeadado público actualizarase para manter apagadas durante a noite as luces da Catedral, Muralla, fachada do Concello, Igrexa de San Froilán, fachada do Cuartel de Garabolos, Ponte branca, Pasarela Fluvial, Fachada do Palacio Municipal de Deportes, Viaducto da Chanca, rúa San Marcos, praza Maior, restos

arqueolóxicos de Campo Castelo e praza de Ferrol e Quiroga Ballesteros.

O Goberno de Lugo planificou a modificación nos horarios de alumeadado durante o mes de agosto, e irase actualizando segundo o goberno do estado actualice as distintas normativas. O persoal técnico responsábel do mantemento da rede de alumeadado público comezará hoxe a programar os novos horarios de acendido, acción que tardará uns días en realizarse en toda a rede. As limitacións só afectarán ao alumeadado ornamental, non tendo efecto sobre a rede de alumeadado público, garantindo a seguridade nas rúas.



# Marfer

INFORMATICA

## INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







**SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL**



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084  
[www.imarfer.com](http://www.imarfer.com) - correo@imarfer.com



## Entran en funcionamento as modificacións no bus urbano

Xa entraron en funcionamento unha serie de modificacións puntuais nas liñas 1.2, 1.4, 3 e 5 do transporte público municipal. As modificacións aprobáronse por unanimidade o pasado mes de marzo nunha xuntanza da Mesa de Transporte Público, co consenso dos grupos políticos con representación no Concello de Lugo. A zona de Castelo, cuberta pola liña 5, mellorará as conexións para permitir un retorno polo centro da cidade. Un dos dous buses que actualmente pasan por Castelo modificará o percorrido conectando a Ronda da Muralla, Ramón Ferreiro e Fontiñas, cubrindo o HULA. Esta liña cubrirá o Carqueixo cada hora. O percorrido de ida, pasará por Castelo, San

Roque e a Ronda, conectando coa Residencia. Ademais, crearase unha liña especial Castelo que permitirá conectar esta zona periurbana co centro da cidade ás 3 da tarde. Outra das modificacións consiste na modificación dun dos dous buses que cubren a liña 3. “Debido a que a zona entre a rotonda da UNED e a de Nadela teñen moi poucos usuarios cada día e unha conexión cada media hora, deixan un bus cada hora. O percorrido entre as rotondas da UNED e Nadela ten habitualmente menos de 7 usuarios diarios. Modificando un dos dous percorridos que realiza a liña 3 cada hora, permitirase que esta liña poida pasar por Ramón Ferreiro, atendendo a unha petición

da veciñanza do fondo da Avenida de Madrid, continuando ata Sindicatos, e conectando posteriormente a zona de Paradai coa avenida da Coruña, atendendo do mesmo xeito á veciñanza de Paradai. O percorrido de volta, conectará Paradai e Fontiñas co Campus, dando conexión entre Fontiñas e a zona universitaria cada 30 minutos. A zona entre as rotondas da UNED e Nadela continuará a ter un bo servizo de bus urbano, xa que malia reducirse a frecuencia da liña 3 a 60 minutos, a liña 11 continuará a operar nesta zona. A Mesa de Transporte aprobou actualizar as liñas 1.2, 1.4 e 12 para dar servizo á nova fase do polígono das Gándaras.

## Comeza a restauración e musealización da cloaca romana

Comezan as obras que buscan a recuperación, restauración e musealización da cloaca romana situada no semisótano da sala de exposicións Porta Miñá, no barrio do Carmen. Esta infraestrutura foi descuberta en 1994 nunha intervención do Servizo de Arqueoloxía do Concello de Lugo que agora busca que sexa visible para todo o mundo.

Os traballos incluírán a adecuación do espazo para que sexa visible e accesible así como unha escavación máis profunda para

un mellor estudo dos achados arqueolóxicos co fin dunha mellor restauración e conservación. Todo isto irá acompañado de un equipamento museográfico para facilitar a súa interpretación e contextualización.

Esta construción esta datada de mediados do século IV grazas a unha moeda acuñada entre o 341 e 346 d.c. e discorria baixo o decumanus maximus. Esta cloaca ten uns 13 metros de largo e unha anchura exterior de 1,5 metros con case un 7 por cento de desnivel.

## O PP urxe o arranxo da varanda do paseo Álvaro Cunqueiro

Concelleiros do Partido Popular desprazáronse ata o barrio da Ponte tras unha chamada dos veciños alertando da caída dunha parte da varanda que hai no Paseo Álvaro Cunqueiro, na marxe pegada á beira do río Miño.

“Unha parte da varanda desta rúa caeu e está precintada pola Policía Local, pero urxe a súa reparación”, dixeron. Os concelleiros urxen unha limpeza da maleza, xa que debido ao seu volume non se pode nin ver a distancia á que está o cauce.

Durante a visita os populares tamén aproveitaron para ver a situación na que está o barrio e anun-



ciaron que se presentará unha iniciativa para pedir a mellora do mantemento do barrio, algo para o que urxe pavimentar unha pista que dá acceso a varias vivendas no paseo Álvaro Cunqueiro.

## Continúa o plan de renovación da sinalización horizontal na cidade

Segundo explicou o tenente alcalde Rubén Arroxo, continúan a traballar na renovación da sinalización horizontal da zona urbana. “Desde o 2019 investimos máis dun millón de euros na renovación das marcas viais en máis de 260 rúas de todas as zonas de Lugo”. Os últimos traballos están a executarse na contorna do Centro de Saúde de Fingoi.

Toda a sinalización horizontal que se está a pintar está adaptada aos cambios realizados na ordenanza de circulación, destinados a evitar resbalóns aos peóns e aos vehículos de dúas rodas. Nos pasos de peóns



regulados por semáforo só se pintan os límites, deixando a zona interior descuberta para evitar resbalóns. No caso dos pasos non regulados por semáforo, déixase unha das liñas sen

pintar para evitar tamén resbalóns de motos e bicicletas. Nas prazas para persoas con mobilidade reducida agrándase o tamaño e píntase unha superficie menor.

## Piden o pintado de pasos de peóns e o inicio da Rolda Este

A Asociación de Veciños da Milagrosa solicitaron no Concello que se reparasen e pintasen os pasos de peóns nas rúas Tino Grandío e Yañez Rebolo. Dende a Asociación mostran a súa preocupación por uns pasos de peóns “completamente borrados e que supoñen un perigo”.

En Fontiñas os veciños reclaman á Xunta a Rolda Este. Fai mais dun ano que a Xunta anunciaba a licitación deste proxecto. Por iso dende a asociación piden coñecer a situación actual do proxecto da Rolda Este así como dos procesos de expropiación para levala a cabo e saber cando se vai a executar a obra e que presuposto se destinará o próximo ano.

**escolActiva**  
Centro de Ensino  
**MATRÍCULA ABIERTA**

**RESERVA TU PLAZA PARA EL PRÓXIMO CURSO**  
Refuerzo en infantil, primaria, ESO y Bachillerato - Plazas limitadas  
Preparación de pruebas de acceso, pruebas ESA y Competencias Clave

**IDIOMAS**  
Certifica tu nivel de Inglés o Italiano / Exámenes y preparación Erasmus Pruebas DELE / Celga

**NOVEDAD**  
Grupos super reducidos. Si tu problema son las mates, física, química o tecnología, esta es tu mejor opción.

Rúa Camino Real 48, bajo 27004 Lugo.  
675 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com  
Instagram: @escolactiva\_lugo / Facebook: @escolactiva

**FLORISTERÍA ROSE FLOR**  
San Roque, 173 Bajo - Lugo  
982 223 504  
680 453 401  
ros3-flor@hotmail.com

**FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO**



## O Goberno local reforza o coidado do Carme cun servizo de mantemento específico

O Goberno de Lara Méndez reforzará a limpeza no barrio do Carme coa contratación dun servizo de mantemento e desbroce específico para esta zona da cidade. Farao a través da área de Medio Ambiente, que dirixe o edil Miguel Fernández, quen supervisaba esta mesma mañá algúns dos traballos. “Estes inclúen tarefas de roza, limpeza das vías públicas e o acondicionamento dos camiños e parcelas municipais”, explicou o concelleiro.

Fernández subliñou que “dende o Concello consideramos necesario intensificar e reforzar o acondicionamento desta zona emblemática da cidade, pola que discorren o Camiño Primitivo e a Vía Romana XIX, debido ás accións incívicas que está a sufrir esta emblemática contorna e que provocan un deterioro da súa paisaxe”.

“Neste senso, gustaríame facer un novo chamamento ao civismo e á responsabilidade de todos os e as lucenses para conservar o noso patrimonio natural e cultural, porque o lecer e o ocio dos cidadáns non debería estar reñido co respecto ao entorno”, apuntou o edil. O tentente de alcaldesa explicou que este operativo encargarase, así mesmo, da roza das parcelas municipais situadas na zona, con tractor de rodas/orugas e rozadora de martelos nas zonas amplas e con motodesbrozadora manual nas zonas inaccesibles ao tractor, así como nos noiros, e a contorna dos camiños, coa retirada de restos xetiais. Tamén inclúe a retirada de árbores caídos, así como unha poda de arbustos e as ramas máis baixas do arboledo que dificulten a roza, cuxos restos serán retirados.

## O PP pregunta pola reforma do antigo matadoiro como sede da protectora local

Hai máis de dous anos que Lara Méndez anunciou o traslado da protectora de animais de Lugo a unha nova sede: o antigo matadoiro de Lugo, “un anuncio que quedou en papel mollado”, segundo di a concelleira Mar Carballas que denuncia que desde o anuncio realizado por Lara Méndez non fixeron nada máis ata este ano no que “se decidiron a solicitar unha subvención para poder adecuar as instalacións do antigo matadoiro”. Ante esta situación a concelleira pregunta á alcaldesa “que pasou estes dous anos para que nada fixesen? ou, que pasaría se non nos chegan a conceder a subvención?”.

“A protectora de animais de Lugo ten un problema grave de instala-

cións que necesita dunha rápida resposta por parte do Concello de Lugo porque non se entende a gran preocupación da que no seu día fixo gala Lara Méndez deixando pasar dous anos sen facer nada”.

Mar Carballas sinala que as instalacións actuais da protectora están a deteriorarse e tanto os animais que alí están como a xente que os coida “están cansados de tantas e tantas promesas incumplidas” porque non é que só se deteriore a actual protectora, as futuras instalacións desta entidade tamén se deterioran máis e máis mentres Lara Méndez mira a outro lado “polo que tamén aumenta o custo de renovar o antigo matadoiro”.

## O Concello emite a orde de demolición do Garañón

O Concello de Lugo vén de emitir a orde de demolición do Garañón outorgando á propiedade un prazo de dous meses para que presente o proxecto de execución destes traballos. Así o anunciaba esta mañá a rexedora, Lara Méndez.

“De non acatar este imperativo, a Administración local asumirá os traballos subsidiariamente para o que, xa no pasado mes de xullo, demos inicio ao expediente de contratación correspondente que nos permitirá ter avanzada a tramitación necesaria para cumprir, canto antes, a sentenza que obriga a repoñer a legalidade urbanística na contorna”, sinalou a alcaldesa.

A actuación constata o compromiso dado por Lara Méndez, xa durante o anterior mandato, de converter este espazo nun pulmón verde urbano “que conectará cun dos parques máis emblemáticos da capital como é o Rosalía de Castro”, engadiu.

“Damos resposta, así, a unha demanda social ampliando o cinto natural de Lugo, axudando a integrar o río Miño na cidade, sendo coherentes co modelo sostible que impulsamos dende o ano 2015 e a través do que apostamos pola recuperación, renaturalización e



creación de novos espazos para o espaxamento e lecer da cidadanía”, sostivo a rexedora.

Méndez lembrou que a licitación – cuxo valor estimado ascende a 965.000 € – abrangue a redacción dun proxecto visado de obras completo de demolición pero tamén a reposición ao estado orixinal dos terreos, a execución das obras, así como a dirección facultativa necesaria das mesmas que inclúe todo o edificado sen título habilitante.

A alcaldesa fixo fincapé en que os pregos recollen dous prazos diferenciados para asumir os labores, establecéndose un de 2 meses para entregar o proxecto completo e outro de 8 para materializar a demolición.

### O PP afea a Méndez vender a demolición

O PP acusa a Lara Méndez de maquillar a realidade e presentar como positivo para Lugo a emisión do decreto que ordena aos propietarios do Garañón a súa demolición. Ramón Carballo afirma que “a orde de demolición da que se sinte tan orgullosa Lara Méndez o único que certifica é o fracaso e os chanchullos urbanísticos que houbo durante o último cuarto de século socialista”. “Resulta penoso que intente enganar á cidadanía presentando como un trunfo unha ilegalidade cometida polos seus padriños políticos”, subliñaba.

## Un operativo permitirá rematar coas malas herbas nas beirarrúas

O novo servizo de limpeza viaria da cidade desenvolverá un operativo permanente co propósito de rematar coa proliferación de malas herbas nas rúas da cidade. Deste xeito, dúas brigadas itinerantes, compostas por tres operarios cada unha, comezaron a retirar xa a vexetación espontánea que nace no pavimento e nas calzadas, afeando a contorna urbana.

Os dous dispositivos partiron das zonas de Albeiros e Rampla de Claudio López, comezando polo parque da Milagrosa, e por San Roque, Rolda da Muralla e zona intramuros para, a continuación, percorrer o resto da capital “co obxectivo de mellorar a súa imaxe e conservación”, indicou Os labores se levarán a cabo con desbrozadoras e sopladoras eléctricas “máis sostibles ambiental e acusticamente, o que se traducirá tamén en menores molestias para a cidadanía e nun incremento da habitabilidade que ofrece o municipio”.

Parámetros que a alcaldesa asociou á premisa que reflicte o propio lema da nova adxudicataria do servizo,



‘LuceLugo’ e cos que “pretendemos situar á cidade como un referente de limpeza, sempre nun contexto sustentable e dentro do modelo de cidade cuxa transformación iniciamos xa durante o pasado mandato”, apuntou.

A nova prestación, que arrincaba o pasado 1 de agosto, suporá, nese sentido, a renovación de toda a maquinaria e da flota de vehículos, que disporán de innovadores sistemas de aforro de combustible e de redución do impacto sonoro, diminuíndo tamén as emisións de gases de efec-

to invernadoiro e a pegada de carbono que deixa o seu uso.

Pola súa banda, o concelleiro responsable de área, Miguel Fernández, lembrou que a implantación de EcoLugo se realizará de maneira progresiva durante os vindeiros meses, nos que tamén se agarda un incremento do cadro de persoal e do número de colectores (ata chegar aos 4.031) que se porán a disposición da veciñanza, aumentando a capacidade da recollida, a diversificación das fraccións e, por tanto, a separación en orixe para fomentar a reciclaxe.

**LUCUS**  
TELECOMUNICACIONES  
ASESORES DE TELEFONÍA

VENTA DE MÓVILES Y ACCESORIOS

MÁSMÓVIL pepephone DIGI finetwork Jozzeil  
simyo Movistar LLAMAYÁ\* Lowi

LAMAS DE PRADO, 75 • 982 096 295  
LUCUSTELECOMUNICACIONES@GMAIL.COM  
LUCUS-TELECOMUNICACIONES.NEGOCIO.SITE



# O Goberno de Lugo activa a peonalización do Camiño Real

Tamén hai obras en marcha en Lamas de Prado e Luis Seoane, entre outras

O tenente alcalde e responsable de Mobilidade, Rubén Arroxo, anunciou que vén de aprobarse a contratación da peonalización do treito final da rúa Camiño Real, comprendido entre a rúa Concepción Arenal e a Ronda da Muralla. “Poñemos en marcha outra das nosas propostas coa que nos presentamos ás eleccións de 2019, continuando a avanzar na recuperación de espazos peonís na contorna da Muralla”, explicou o Rubén Arroxo, que engadiu “este treito será a rúa Bispo Aguirre da zona norte da Muralla, e, ao continuar a retirar vehículos da contorna da Muralla facilitará avanzar en futuras peonalizacións”.

A nova zona peonil manterá o acceso rodado para as e os residentes, e o tráfico procedente da rúa Camiño Real desviarase, percorrendo a rúa Concepción Arenal e incorporándose de novo á Ronda da Muralla a través da rúa das Anduriñas.

Este treito terá un mellor acondicionamento ambiental, dado que se instalarán novas verdes con árbores e arbustos. O mobiliario urbano tamén se renovará, instalando bancos con respaldo, ademais de papeleiras e fontes.

O Goberno de Lugo aprobou a contratación da execución desta obra, que suporá un investimento de 279.432,31€. A empresa adjudicatária, Construcciones Taboada y Ramos, terá un prazo de execución de 6 meses unha vez comecen os traballos.

**AVENIDA DAS AMÉRICAS.** O Goberno de Lugo activou tamén a renovación do asfalto no treito final da avenida das Américas, no treito comprendido entre as rúas Pomar

e Manuel Leiras Pulpeiro. A solución adoptada consiste na aplicación dunha capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegura o selado do firme ante a acción da auga superficial, para que sexa duradeira.

**CALMADO DO TRÁFICO.** Tamén continúa o plan de calmado de tráfico na cidade, que foi iniciado pola Tenencia de Alcaldía desde a chegada ao goberno municipal. “Buscamos un tráfico calmado, aumentando a seguridade da veciñanza de toda a cidade”, afirmou Rubén Arroxo, que destacou “a importancia das actuacións de calmado de tráfico, que viñemos executando nas zonas escolares, e que agora expandimos a novas zonas da cidade”.

Nesta intervención realizaranse novos pasos de peóns elevados na Avenida Paulo Fabio Máximo, e nas rúas San Roque e Afonso X. Ademais de instalarse un novo lombo na zona de Magoi, que se unen aos máis de 50 elementos de calmado do tráfico cos que xa contan as rúas de Lugo.

Arroxo afirmou que “seguimos a traballar para que Lugo se convirta nunha cidade na que as persoas sexan o centro da mobilidade”.

**LAMAS DE PRADO.** O Tenente Alcalde, Rubén Arroxo, achegouse ata a rúa Lamas de Prado onde continúan a executarse os traballos de reurbanización postos en marcha pola área de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo. Arroxo anunciou que vén de entrar en funcionamento a nova plataforma única ubicada na contorna da praza do Castiñeiro. “Habilitamos para a veciñanza un novo espazo peonil nun entorno que

nos vindeiros meses estará completamente renovado, avanzando na implantación do modelo de plataforma única que fomenta a convivencia entre as persoas e os vehículos, calmado o tráfico e permitindo o tránsito peonil pola zona”, explicou Rubén Arroxo.

O Goberno de Lugo está traballando tanto na renovación das beirarrúas como nas diferentes instalacións de servizos que están soterrados, eliminando barreiras arquitectónicas e aumentando a accesibilidade nunha zona da cidade que acolle a máis de 15.000 habitantes.

A actuación supón un investimento de 533.933€, e inclúe tamén a renovación do mobiliario urbano de as zonas verdes da zona, xunto coa instalación dunha nova marquesiña para a parada do bus urbano.

**LUIS SEOANE.** Tamén se está a realizar a remodelación da rúa Luís Seoane cun proxecto no que se aposta polo modelo de plataforma única con preferencia peonil, “un modelo que está a funcionar noutras cidades e que demostrou a súa viabilidade en rúas estreitas”, dixo Arroxo.

Os traballos que se están a executar actualmente consisten na instalación do novo pavimento na zona final da rúa, na unión de Luís Seoane con García Abad. A solución eliminará as barreiras arquitectónicas da rúa, creando unha serie de espazos de relación e descanso.

Xunto coa transformación da rúa, renovaranse tamén os servizos soterrados, como o alumado, cuxa instalación se soterrará, e prepararse tamén o sistema de canalizado para facilitar o soterramento das instalacións de electricidade e telefonía.



## Comeza a colocación do novo mobiliario urbano de Recatelo

No barrio de Recatelo comezou a instalación do novo mobiliario urbano. Primeiro comezouse coa instalación dos novos bancos na rúa Avelino Pousa Antelo, un dos últimos pasos antes do remate definitivo dos traballos nesta zona. Explicou Rubén Arroxo que “esta actuación permitirá mellorar a imaxe dun barrio histórico da cidade, situado entre a Muralla e o Parque de Rosalía”.

O mobiliario instalado consiste en bancos de madeira con respaldo, montados sobre unha estrutura de pedra, similares aos colocados no resto da cidade, ubicados ao longo da rúa Avelino Pousa Antelo. O per-

corrido de Isaac Díaz Pardo acollerá nos vindeiros días a instalación de novas xardineiras, que crearán novas zonas de sombra nesta rúa.

Para Rubén Arroxo, “Recatelo está a converterse nunha importante zona de paseo, entre o centro e o Parque de Rosalía, ao mesmo tempo que melloramos os servizos e a calidade de vida da veciñanza”.

“Desde o goberno municipal seguimos traballando nunha cidade na que os peóns sexan o centro da mobilidade”, afirmou Rubén Arroxo, que destacou as diversas medidas para este fin “como os pasos de peóns elevados ou as distintas peonalizacións”.

## O PP pide recuperar o paseo interior da Muralla entre a Catedral e Porta Miñá

O vicevoceiro do PP, Antonio Ameijide, pide ao goberno que tome as medidas necesarias para abrir o tramo do paseo interior da muralla á altura do Vicerectorado. “Dende hai anos non podemos utilizar o tramo que vai dende a Catedral ata Porta Miñá xa que “un edificio en ruínas cunha estrutura metálica e unha valla corta o paso do Paseo Interior”.

Ameijide avanzou que presentarán un rogo para que o goberno local se faga cargo e busque a fórmula que sexa máis convinte para que se volva a abrir esta zona aos peóns.

**La tienda de barrio**

**El rincón de Yovi**

Hun Empanadas  
Charollera  
Fritería  
Droguería  
Bebidas  
Delicatessen

Luis Ameijide nº 2 - 27003 Lugo  
T. 640 765 071 / elrincondelyovi@hotmail.com

**RAXERIA LAXA**

ESPECIALISTAS EN CARNE DE VACA PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO TEL. 982 216 536  
www.raxerialaxa.com



## Adega denuncia que o Club Fluvial segue a incumprir a Lei

A delegación de Lugo de Adega vén de denunciar unha vez máis perante a Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS), que o Club Fluvial de Lugo segue a incumprir a Lei de Augas e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, denegando acceso ao río as persoas que non son socias. “A directiva da entidade deportiva pretende manter a entidade fóra da legalidade, pese a todas as multas coercitivas impostas pola CHMS e a recente denegación da solicitude de legalización das instalacións do Club Fluvial por ser incompatibles co Plan Hidrolóxico Miño Sil”, di Adega.

“O peche perimetral das instalacións do Club Fluvial no Dominio Público Hidráulico (DPH) supón unha falta reiterada ó longo dos anos por parte do Club Fluvial. A Lei de Augas (TRLA) e o Regulamento do DPH definen claramente que o leito do río é público e que a zona de servidume para uso público terá diferentes fins, entre os que se atopa o paso público peonil”, explica.

Engade que así está a impedir o baño público, “polo que estase a incumprir de forma sistemática a TRLA e o Regulamento do DPH. E todo isto sucede coa convivencia do Concello”.

## Rubén Arroso anuncia a instalación de 10 novas marquesiñas para o bus urbano

O tenente alcalde e concelleiro de Mobilidade, Rubén Arroso, anunciou que o Goberno de Lugo vén de comezar a instalar 10 novas marquesiñas para o bus urbano. Arroso explicou que “continuamos a mellorar o servizo de transporte público, atendendo ás solicitudes que nos chegaron por parte da veciñanza reclamando novas marquesiñas en distintas zonas da cidade”.

O Goberno de Lugo adquiriu 10 novas marquesiñas, que supuxeron un investimento de 61.651,82€. As novas marquesiñas estanse a instalar nas paradas da Avenida Carvalho Calero 18, Avenida de Magoi 69, Avenida de Magoi 23, Rúa San Roque, Ronda da Muralla 118, Obras Públicas, Avenida da Coruña 344, Avenida da Coruña 394, Estrada Vella de Santiago (Balneario) e Rúa Armórica. “Continuamos a traballar na mellora e ampliación do mobiliario urbano, escoitando as solicitudes da veciñanza e traballando para mellorar a imaxe da cidade”, afirmou Rubén Arroso, que engadiu “continuamos avanzando de cara a unha mobilidade máis ecolóxica na que a xente aposte polo transporte urbano no canto de usar o vehículo privado”.

## A CHMS espera resposta da Xunta para restaurar o caneiro de Aceña de Olga

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) adxudicou a Tragsa en xuño de 2022 a actuación de restauración e recuperación do caneiro de Aceña de Olga por importe de 336.332 euros e prazo de execución de 3 meses.

Neste mes comunicouse a anulación da obra de restauración do caneiro de Aceña de Olga, procedendo a rescindir a encomenda a empresa adxudicataria que xa fixera algunha labor de limpeza previa para realizar a obra. Din que a razón exclusivamente é que Patrimonio Natural da Xunta non resolve a autorización para trasladar o mexilón de río o que imposibilita a execución desta importante actuación. “Esta obra só pode realizarse durante o período de estiaxe, de feito a planificación prevista era a de poder comezar a principios de xullo (nos 10 primeiros días), a estas alturas non é posible esperar máis” explicou o presidente do organismo; “levo tempo dicindo que xa estamos en período de descontó e asumindo moito risco ao demorar o inicio da obra” incidíu.

O período de execución das obras, segundo a planificación da empre-



sa, é de algo máis de 2 meses, tendo en conta que hai que desenvolver os traballos con sumo cuidado para evitar danos medioambientais, ao que lle hai que sumar outra semana máis para trasladar o mexilón en condicións idóneas para non danar a colonia.

Engaden ademais, que a data tope de execución é o 1 de novembro, data imposta pola Administración Autonómica a partires da que está estrictamente prohibido traballar no río dado que comenza a freza das troitas; o que quere dicir que, aínda que as augas estivesen Baixas, non sería posible executar as obras previstas.

## Comezan as xornadas formativas da Axenda Urbana



Lugo acolleu a primeira Xornada Formativa sobre a Axenda Urbana Lugo 2030, unha sesión á que asistiu a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez e recalco que “os obxectivos marcados pola Axenda 2030 son un proxecto para o futuro e, a implicación municipal como a cidadá son de vital importancia neste camiño para deixar un Lugo mellor ás próximas xeracións”. Esta primeira convocatoria estivo dirixida a parte dos técnicos municipais, pero esta previsto que teñan lugar novos encontros onde tanto cidadáns, como persoal municipal poderán coñecer e comprender a nova

política urbana de man de expertos e persoas con experiencia na elaboración deste documento.

Paralelamente, os lucenses poderán facer achegas en liña á Axenda Urbana 2030 para deseñar a estratexia de cidade a través de este espazo de comunicación e co-creación pensado para intercambiar ideas, e elaborar o documento estratéxico que servirá de guía para o desenvolvemento do Plan de Acción da Axenda Urbana, baixo o paraugas Lugo Cidade Verde como unha folla de ruta que marcará a estratexia e as accións a levar a cabo ata o 2030.

## Un segundo estudo ratifica o baixo número de mexilóns

Unha nova mostraxe efectuada no pequeno desprazamento proposto polos técnicos do Concello de Lugo para instalar a plataforma de baño pública na Tolda ven de ratificar o primeiro estudo xa realizado: o número de mexilóns atopados “é sensiblemente menor que na zona inicial prevista, menos da metade, polo que a traslocación dos exemplares é perfectamente viable”.

Este segundo estudo apórtase nas alegacións que o executivo de Lara Méndez ven de presentar ante a Confederación Hidrográfica do Miño Sil tras os últimos informes desfavorables da Xunta de Galicia á colocación da plataforma de baño, onde o Concello acadou autorización para poder instalala durante 25 anos nos meses de verán. “A Xunta rexeitou primeiro a zona inicial da Tolda e despois o pequeno desprazamento que propoñemos (e que tiña o visto e prace da Confederación porque non supón modificar o proxecto) sen nin sequera meterse no río para comprobar a existencia de mexilóns nesa área”, lembra o tenente de alcaldesa e concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Fernández.

“Nós si o fixemos, e agora a Xunta ten non un, senón dous informes técnicos

onde queda claro que a escasa presenza de mexilóns non sería un problema para que os e as lucenses goceamos de xeito seguro e respectuoso co hábitat do río da tan dexesada área de baño”, sostén.

Segundo os técnicos municipais, seguindo os cálculos de proxección de exemplares que segue o propio Servizo de Patrimonio Natural da Xunta, o número bivalvos que quedarían cubertos polas piscinas flotantes pode estimarse en 3.230, lonxe do rango de 6.000 a 10.000 que estimaba o Servizo de Patrimonio Natural para a ubicación inicial. “Cifra perfectamente asumible en termos dunha eventual traslocación dos exemplares. Baste dicir que para a reparación do Caneiro da Acea de Olga se planificaba a traslado de case 2.000 exemplares”, di o concelleiro.

“É dicir, se o Goberno galego actuase con seriedade e en defensa dos intereses da cidadanía e non en función dos intereses partidistas e electoralistas do PP, xa, co primeiro informe presentado, poderíamos ter a plataforma de baño instalada desde hai varias semanas para que os e as lucenses disfrutemos do río como fai a veciñanza doutros moitos concellos da provincia”.

## O PP pide a desratización e limpeza en algunhas parcelas

O Partido Popular de Lugo denuncia a desidia do goberno de Lara Méndez para dar unha resposta eficaz ás peticións dos veciños de Lugo, sobre todo cando se pode poñer en risco a saúde dos lucenses, tal e como ocorre na contorna da Avenida da Coruña e da Rúa Concepción Arenal, onde os veciños están cansos do estado dunha parcela que une as traseiras de varios edificios e que está chea de maleza e ratas, polo que xa presentaron varias denuncias ante o Concello de Lugo dende o ano 2019.

Mar Carballas explica que a pesar das constantes e reiteradas queixas realizadas polos veciños, estes lucenses non viron solucionadas as súas demandas polo que a situación vai a peor co paso do tempo xa que a maleza segue a medrar e os roedores son visibles a calquera hora do día. Neste senso, a concelleira popular sinala que dende o Grupo Popular pedirase que o Concello de Lugo realice unha limpeza deste solar e

proceda a desratizalo para evitar problemas sanitarios aos veciños. Pero esta non é a única zona de Lugo na que hai problemas coas ratas, xa que hai poucos días veciños da Milagrosa denunciaron que os roedores corrían polas zonas de xogo do parque deste barrio, entre os nenos, poñendo en risco a saúde dos menores. “Queda claro que urxe que o Concello de Lugo se tome en serio a desratización dos barrios, un problema que vai a máis debido aos problemas de limpeza que hai anos que se denuncian dende o Grupo Popular e que situaron a Lugo como a cidade máis sucia de Galicia”, lamentou.

A concelleira popular reclama ao goberno local que se tome en serio o desbroce e a limpeza das fincas por salubridade e por seguridade ante o risco de incendios, tendo como último exemplo o incendio de hai uns días na Avenida das Fontiñas nunha parcela que os populares pediron que se limpase hai varios anos.



# DEPUTACIÓN

## Impulsará a proxección das empresas lucenses no exterior

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Eduardo Valín, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta 60.000€ para potenciar a proxección exterior das empresas poñendo en marcha o proxecto CEL Expansión 2022.

“Reforzamos moito o servizo de asesoramento en axudas e outros incentivos para mellorar a competitividade e posición das empresas fóra do país”, destacou o Presidente sobre a iniciativa, que enmarcou no diálogo e colaboración permanente que mantén a Deputación cos sectores produtivos para impulsar o seu desenvolvemento.

José Tomé apuntou que este proxecto responde á necesidade de mellorar as exportacións da provincia, que caen de xeito continuado desde o 2015, segundo reflicte o informe de Lugo en Cifras 2021, que elabora a propia CEL co apoio da Deputación. Esta publicación apunta que a provincia de Lugo exportou o ano pasado ao redor de 585 millóns de euros e importou case 725 millóns, o que



deixa unha balanza comercial negativa co exterior por valor de preto de 140 millóns de euros. Segundo este informe, máis do 80% das transaccións no exterior segue a producirse cara países da Unión Europea, cando hai oportunidades en mercados como Xapón ou os Estados Unidos.

Entre as actividades previstas no proxecto CEL Expansión 2022 subvencionadas pola Deputación está habilitar un servizo específico, baixo o nome de Gabinete Impulso Ext, para apoiar ás empresas da provincia durante este ano fronte aos efectos do conflito en Ucraína. Este servizo facilitará información útil

e actualizada sobre o impacto da guerra, asesoramento sobre axudas específicas ou datos sobre os mercados alternativos para as empresas exportadoras.

Ofreceranse tamén dúas formacións específicas sobre o mercado de Estados Unidos e Xapón. O primeiro é interesante para as empresas exportadoras da provincia porque presenta oportunidades en sectores como o vitivinícola ou o do produto gourmet; o segundo porque representa unha ocasión para as industrias de produtos feitos a man, enerxías renovables, servizos asistenciais, biotecnoloxía ou distribución e loxística.

## A Deputación financia as visitas do programa Da Escola á Granxa

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión de axudas para a organización de actividades no marco do programa “Da Escola á Granxa” de área de Medio Rural.

As achegas, dirixidas a asociacións de nais e pais, teñen como obxectivo poñer en valor os produtos de proximidade e o sector primario para as xeracións máis novas, financiando visitas a gandeirías, producións agrícolas e pequenas empresas agroalimentarias asentadas no rural, así como outras actividades de divulgación e sensibilización vinculadas ao medio rural.

En total, atendendo ás solicitudes presentadas, a área dirixida por Mónica Freire colaborará no financiamento de 72 actividades, organizadas por máis dunha trintena de anpas distribuídas por toda a provincia.

A deputada de Medio Rural, Mónica Freire, explicou que “a través destas visitas e actividades, que empezarán a desenvolverse a partir do inicio do curso, nenos e nenas de infantil e primaria, poderán achegarse a gandeirías e producións agrarias e coñecer de primeira man o traballo cos animais e cos cultivos, participar en obradoiros de elaboración de alimentos ou noutras propostas didácticas ligadas ao coñecemento da contorna e á educación ambiental”

A área de Medio Rural da Deputación investiu un total de 40.000 euros neste programa co que pretende tamén contribuir a consolidar unha oferta de recursos e servizos educativos arredor do sector primario e visibilizar referentes no rural. A resolución, coa listaxe de entidades beneficiarias, publicárase a vindeira semana no Boletín Oficial da Provincia.

# Actividades para os concellos durante o verán

Os programas Actívate ou Saborea a túa provincia viaxaron este verán por toda a provincia cun gran éxito de público

A segunda edición do programa provincial Saborea a túa provincia, que percorreu nove concellos da provincia durante as fins de semana ata o 2 de setembro volveu ser un éxito de público e de participación nestas xornadas gastronómicas e de lecer que promove a institución.

Nesta ocasión a cita estivo presente en Patón, Chantada, Taboada, Trabada, O Valadouro, Vilalba, A Fonsagrada, Navia de Suarna e Pol, que pechou o programa o venres 2 de setembro.

José Tomé lembrou que co Saborea a túa provincia, a Deputación busca “incentivar o consumo dos produtos de proximidade e dinamizar a economía dos concellos fomentando a actividade do turismo, da hostalería, do comercio e dos pequenos produtores”.

Segundo explicou o presidente este programa “forma parte da ampla estratexia que estamos desenvolvendo dende a Deputación de Lugo para consolidar un modelo de turismo



de calidade e sostible, un turismo de experiencias, con capacidade para atraer visitantes todo o ano, que pon en valor o noso patrimonio, tanto natural, como monumental, cultural ou gastronómico, e que contribúe a crear riqueza e a crear emprego, sobre todo no noso rural.”

“O éxito da primeira temporada do Saborea a túa Provincia levounos a reeditalo este ano, pero con novidades para tratar de melloralo e, desta

forma, aumentar o retorno económico para os negocios da zona. Para isto introducimos melloras na estrutura e no funcionamento das xornadas e tamén melloramos as localizacións, xa que este ano celebrouse en lugares que contan cunha importante actividade social, hostaleira e comercial”, sinalou Tomé Roca.

A actividade consistiu nun autobús-cociña onde profesionais da asociación provincial de cociñeiros e coci-

ñeiras de Lugo elaboraron receitas con produtos típicos de cada zona. Utilizaron alimentos con distinción da súa calidade polo selo Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida, como a Faba de Lourenzán, a Patata Galega, o Pemento de Mougán, o Lacón, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregaron nas súas elaboracións razas autóctonas como o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. Tamén se contemplaron degustación de pratos elaborados con produtos de proximidade e un taller de cociña para nenos e nenas nas que elaboraron un prato con produtos da provincia.

**ACTÍVATE.** A Deputación de Lugo celebrou a boa acollida do programa Actívate, unha iniciativa a través da que a institución provincial ofreceu en 26 concellos da provincia actividades gratuítas para todos os públicos. Os participantes realizaron, as

fins de semana de abril a xullo, actividades vencelladas ao turismo deportivo e de aventura, como sendeirismo, surf, piragüismo, kaiak, vela, trekking, escalada ou equitación.

A institución provincial buscaba con esta proposta turística seguir apoiando, en colaboración cos concellos, a actividade do sector turístico, a hostalería e o comercio, e a aposta por un modelo de turismo sostible, de calidade e con capacidade para atraer xente durante todo o ano. Trátase dun impulso a un sector que xera experiencias, pon en valor o rico e diverso patrimonio natural e cultural da provincia e que aporta valor ao territorio, e axuda a manter e a xerar emprego, sobre todo no medio rural.

Actívate sumouse a outras iniciativas que ten en marcha a Deputación de Lugo cos mesmos obxectivos de apoiar ao tecido produtivo vinculado ao turismo, á hostalería e ao comercio, e, ao mesmo tempo, favorecer un turismo de calidade e sostible.



## O PP propón redeseñar o abastecemento de auga

O abastecemento de auga é unha competencia puramente municipal e constitúe un dos servizos básicos que teñen que prestar os concellos. O portavoz popular en Castroverde, Rubén Otero, di que os problemas de subministro que xa padecen algunhas casas da vila e outras nas parroquias poñen de manifesto que é inaprazable que o goberno local deseñe un proxecto para a ampliación e mellora tanto das redes de distribución como da calidade da auga que chega ás billas das casas do municipio.

Otero di que os problemas que se rexistran estes días non son máis que un aviso do que pode ocorrer no caso de que o Concello no adopte medidas e traballe con visión de futuro. Otero expresa a

súa disposición a colaborar, a sumar, para deseñar un abastecemento de auga ambicioso para o municipio.

O portavoz popular considera que xa se perdeu moito tempo para a mellora do abastecemento de auga en Castroverde, dado que a mal planificada intervención que deseñou hai anos o goberno presidido polo socialista José María Arias resultou un fracaso dende todos os puntos de vista.

Rubén Otero lembra que xa presentou varias iniciativas no Concello no que vai de mandato para mellorar o abastecemento de auga. Cre que a seca deste verán pon de manifesto a necesidade de redeseñar, ampliar e mellorar o servizo de abastecemento de auga.

### outeiro de rei

## Licitado o proxecto das piscinas e o centro BTT



Licitado o proxecto para a construción de dúas piscinas públicas e un centro BTT para bicicletas de montaña, cun investimento total previsto de máis de 1,1 millóns de euros, do cal o 70% será achegado polo departamento galego e o 30% restante polo Goberno municipal. O obxectivo da intervención é dotar ao municipio lucense dunha nova área deportiva e recreativa que terá como elemento principal o complexo acuático e os servizos complementarios asociados.

O ámbito de intervención correspóndese cunha parcela que ten unha superficie aproximada de 2.688 metros cadrados, localizada en Santa Isabel, preto da área recreativa do mesmo nome ao carón do Miño. O primeiro paso será a adecuación dos terreos nos que se proxecta o complexo, para de seguido acometer a construción das instalacións previstas e a

urbanización do entorno.

A instalación central serán as dúas piscinas municipais ao aire libre, unha delas de uso infantil e a outra para adultos, que contarán con zonas destinadas a usos complementarios así como para aseos e vestiarios de uso público e área de enfermería. A tal fin, o proxecto inclúe a construción dunha edificación que albergue, ademais das instalacións necesarias para dar servizo ás piscinas, estancias aptas para outras actividades. En concreto, unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños propios; e un centro BTT cunha zona taller para reparación das bicicletas, unha área exterior de lavado e aseos de uso exclusivo e independente para os seus usuarios.

Esta actuación enmárcase nos obxectivos do plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta no ano 2010.

## Aberto o prazo de inscrición para as escolas municipais

As escolas municipais de Castroverde abren o seu prazo de inscrición ata o 15 de setembro para aqueles alumnos que queiran comezar no mes de outubro. Estas inscricións realizaranse nas oficinas municipais e será necesario un mínimo de alumnos para poder levar a cabo cada unha das actividades ofertadas. Este ano o Concello de Castroverde oferta as seguintes actividades.

Natación está destinada para neno e nenas entre os 3 e os 16 anos e terá lugar os venres de 16.30 a 17.15 no Centro Deportivo D10. O custo por persoa será de 25€ mes e precisarase un mínimo de 20 alumnos para poder levar a cabo a actividade. Dentro das actividades ofertadas atópase tamén Judo destinado a nenos e nenas entre os 3 e os 16 anos con un horario de 16.15 a 17.15 os martes e xoves e que se impartirá no ximnasio do CPI de Castroverde. O custo por persoa será de 12€ mes e precisarase un mínimo de 10 alumnos para poder levar a cabo a actividade.

Multideporte está destinado a nenos e nenas entre os 3 e os 16 anos e



será os luns e mércores en un horario de 16.15 a 17.15 no ximnasio do CPI de Castroverde. O custo por persoa será de 12€ mes e precisarase un mínimo de 10 alumnos para poder levar a cabo a actividade. Ximnasia de mantemento é unha actividade destinada a maiores de 16 anos que se impartirá os luns e mércores de 21.00 a 22.00 e os venres de 20.00 a 21.00 no ximnasio do CPI de Castroverde. O custo por persoa será de 18€ mes e precisarase un mínimo de 15 alumnos para poder levar a cabo a actividade.

Teatro está destinado a nenos maiores de 6 anos e adultos. A ac-

tividade e será os sábados de 10.00 a 12.00 no concello vello. O custo por persoa será de 12€ mes e precisarase un mínimo de 10 alumnos e un máximo de 20 para poder levar a cabo a actividade. E por último o Concello de Castroverde oferta Baile latino e de salón para maiores de 16 anos os venres de 21.00 a 22.30 no ximnasio do CPI de Castroverde. O custo por persoa será de 30€ mes e precisarase un mínimo de 16 alumnos para poder levar a cabo a actividade.

**MADRUGADORES.** O Concello de Castroverde pon en marcha o programa Madrugadores para unha mellor conciliación da vida familiar coa laboral.

O programa comeza o 8 de setembro e terá un horario de 7.00 a 9.15 durante todos os días lectivos. O lugar será o salón de actos do CPI Plurilingüe de Castroverde e terá un carácter gratuito. Os nenos poderán levar almorzo da casa.

As inscricións realizaranse nas oficinas do Concello.

### rábade

## Abrirán unha rúa peonil xunto ao cine Man co apoio da Deputación

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou co alcalde de Rábade, Francisco Fernández Montes, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta ao Concello os máis de 33.000€ que son necesarios para a adquisición dun solar situado na parte traseira do antigo Cine Man, o que permitirá crear unha nova vía pública para peóns entre as rúas Lope de Vega e Alcalde Ángel Penas, que contará cunha zona de xogos.

O solar que o Concello adquirirá grazas á aportación da institución provincial dá na parte frontal á rúa Lope de Vega e linda na parte posterior co edificio que albergou o antigo Cine Man, adquirido tamén pola entidade local no ano 2019.

“A firma deste convenio é importante por si mesma, porque vai supoñer a ampliación do equipamento público de Rábade, pero tamén é



importante porque demostra claramente, por un lado, que na Deputación cumprimos cos compromisos, e, por outro, que a cooperación desta institución cos concellos da nosa provincia é constante e continua”, afirmou o presidente.

O mandatario provincial avanzou o inicio de novas obras en Rábade. Trátase da rehabilitación do firme con aglomerado en quente da glorieta que dá acceso ao polígono e da rexeneración do firme da totali-

dade da estrada de Rábade a Vilar de Seo, en dirección Cospeito, tamén con aglomerado en quente. O orzamento para estas actuacións, que xa están adxudicadas á empresa Ovisa, é de practicamente 45.500€.

Todo isto, explicou José Tomé, “reforza o apoio que xa vimos dando dende a Deputación ó Concello de Rábade para que poida ofrecer máis e mellores servizos ós seus veciños e veciñas”.



## portomarín



## En marcha o servizo madrugadores

Dende o concello de Portomarín, tras estudar as necesidades das familias participantes no campamento de verán, poñen en marcha o servizo madruga co obxectivo de promover que os veciños contan con servizos adaptados ás súas necesidades. O plan madruga ten un horario de 8:30 a 10:00 e estará dispoñible para aqueles rapaces que participen no campamento de verán organizado polo Concello coa finalidade de favorecer a conciliación familiar dentro do ámbito rural.

## Chega o primeiro Cúniquer Gastro Fest

A primeira edición do Cúniquer Gastro Fest celébrase en Portomarín os días 9, 10 e 11 de setembro. Un festival que estará dividido en tres zonas ubicadas en diferentes puntos de Portomarín, unha musical, outra gastronómica e outra de chill out.

A programación musical contará con artistas como Susana Seivane, The Soul Jacket, Edgar Bao ou Forget la France e terán un acceso gratuito, como todo o festival.

Na parte gastronómica o festival contará con diferentes opcións como unha zona de postos de marcas galegas que terán os seus produtos a venda ou una gran oferta de foodtrucks para poder elixir entre unha gran variedade de comida.

O festival contará tamén con



unha sección de viños e vermús, showcokings e actividades extras para completar un festival cheo de música e gastronomía.

## Entrega de diplomas de dous obradoiros de emprego



Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e promoción turística local e información ao visitante son as dúas especialidades nas que durante nove meses se formaron os 20 participantes no obradoiro de emprego da Xunta de Galicia, Camiño de Santiago II, desenvolvido polos concellos de Palas de Rei, Monterroso e Portomarín e que xa recibiron os seus diplomas.

De feito, actuouse en xardíns e zonas verdes de Os Chacotes, igrexa

de San Tirso ou mercado gandeiro, en Palas; no albergue de peregrinos de Ligonde e na contorna do seu cruceiro e na área de descanso de Airexe, en Monterroso; e nos xardíns da igrexa de San Pedro e no treito do Camiño de Santiago, en Portomarín. Un total de 14 alumnos deste obradoiro se formaron nesta especialidade, mentres que outros seis fixeron o propio na área de promoción turística local e información ao visitante.

## O PSOE demanda a limpeza dos espazos verdes e das rúas

Os socialistas denuncian “moita maíza, falta de mantemento e de limpeza, abandono dos espazos verdes e das áreas recreativas, esta é a situación que están atopando nas rúas da nosa vila á veciñanza, os turistas e peregrinos que nos visitan durante esta época estival”.

A Voceira, Silvia Rodríguez lembra que presentou varias iniciativas no Pleno, para que “o Concello adopte as medidas necesarias e precisas para a limpeza das rúas, nas que se



inclúen traballos de mantemento dos espazos verdes municipais. Pero lamentablemente, comprobamos

que o Alcalde e o seu Goberno non fixeron absolutamente nada por mellorar o adecentamento dos espazos públicos municipais”, incidiu.

Nesa liña reclaman ao Goberno “elaborar un plan de limpeza da rede viaria e dos espazos verdes e das áreas recreativas da nosa vila como a piscina municipal, no que se inclúa tamén un plan de roza das nosas parroquias. Non podemos entender, como cada ano, temos que denunciar a mesma situación”, replicou.

## friol



## O Concello retoma a Feira do gando vacún de carne

O Concello de Friol presentou a edición número dez da súa feira de gando vacún de raza rubia galega, que este ano se celebrará o sábado día 24 de setembro. Na presentación estiveron presentes o alcalde de Friol, José A. Santos, xunto con outros representantes do equipo de goberno e gandeiros das explotacións que achegan mostras de gando á feira.

O transcurso da feira, como en anos anteriores, terá lugar pola mañá no mercado municipal, finalizando coa entrega dos premios correspondentes e coa celebración das poxas, que en esta décima edición é unha novidade e un reclamo mais para os gandeiros que achegan cabezas á feira, e tamén vai servir de efecto chamada para que mais xente visite Friol e a feira, e para todos os interesados en participar en este tipo de compra-

venta de gando.

O gando participante opta a premios en metálico e trofeos, que se dividen en diferentes categorías. Estas categorías son machos menores de 8 meses, femias menores de 8 meses, machos maiores de 8 meses, xatas e vacas. Os premios económicos divídense en 150 euros para o primeiro clasificado, 100 euros para o segundo e 50 para o terceiro posto. Hai un premio especial de 200 que levará a gandaría que asista co mellor lote. Ademais destes case 2.000 euros que se reparten nas diferentes categorías, as gandarías asistentes recibirán unha prima pola asistencia dos seus exemplares, os cales permitirán que se poida observar unha gran diversidade de reses, mostras e calidades de gando vacún de carne de raza rubia.

## castro de rei

## A parroquia de Goberno contará con clases de pilates

A partir da segunda quincena de setembro a Asociación Veciñal San Martiño de Goberno comezará con clases de pilates na escola de Goberno, que terán lugar os mércores en horario de 15:30 a 16:30.

Os asistentes poderán gozar de distintas sesión por tan só 15 euros ao mes. O grupo está aberto a todas as persoas interesadas pero as prazas serán limitadas. Para asistir haberá que inscribirse cos membros da asociación.

## Licitan de novo a xestión da escola infantil

O Concello de Castro de Rei volveu iniciar por terceira vez o proceso de licitación para adxudicar a xestión da escola infantil municipal Manuel López Besteiro.

O proceso incíuse tras rematar o contrato anterior polo que volveu sair a licitación, no pasado mes de xuño, cun orzamento de 161.855,67 euros. Xa a finais de xullo volveuse a licitar, malia que nesta segun-

da ocasión subiuse o prezo case un 10%, 178.041,23 euros, pero reafirmouse a mesma situación, non se presentaron ofertas.

Así, o Concello chairego volveu a iniciar a licitación, por terceira vez, subindo outro 10% o orzamento, é dicir, 195.845,35 euros, e informando de que o contrato ten unha duración de dous anos prorrogables a un máis.



# DEPORTES

## O Concello e a Deputación resolven as axudas aos clubs

A concellería de Deportes apoiará este ano con 166.000 euros o labor que desenvolven diferentes clubs da cidade.

Así, a Xunta de Goberno Local autorizou a adxudicación – polo procedemento de concesión directa mediante convenio – dun total de 5 achegas económicas ao Ensino C.B, ao Estudiantes C.B, ao Triatlón Cidade de Lugo, á Escudería Miño e ao Club Natación Porta Miñá.

O concelleiro responsable da área indicou que “estas axudas teñen, dentro do seu cometido, a promoción e impulso da práctica deportiva na cidade ao tempo que se constitúen como unha fonte de recursos primordial para moitas entidades e asociacións que operan neste ámbito, posibilitando, así, a continuidade do seu labor. Un traballo fundamental – engadiu Mauricio Repetto – que resulta imprescindible para darlle proxección ao talento local e que nestes momentos precisa atopar a man tendida das administracións para facer fronte, como tantos outros sectores, á complexa situación socioeconómica que vivimos”, concluíu o edil.

**DEPUTACIÓN.** O Boletín Oficial da Provincia publicou a resolución provisional dos premios para deportistas de modalidades individuais que concede a Vicepresidencia da Deputación cun importe total de 85.500 euros.

185 deportistas recibirán estas bolsas que oscilan entre os 300 e os 2.500 euros, en función da súa participación e resultados en diferentes probas e campionatos, desde competicións de nivel provincial ata campionato internacionais en distintas modalidades ao longo do 2021.

Así, o atleta viveirense Adrián Ben, diploma olímpico nos Xogos de Tokyo, o atleta monfortino Jairo Salgueiro, que o ano pasado debutou nun Campionato de Europa absoluto e logrou dúas medallas de bronce no Campionato de España, o subcampión do mundo de tiro olímpico Martín Freije ou a atleta do Saviñao Nuria López.

Atendendo ás solicitudes presentadas, o atletismo é a disciplina con maior número de deportistas con bolsas (65), seguido do piraguismo (27), karate (14), natación (12), tiro olímpico (11), pentatlon moderno (10), taekwondo (6), orientación (5), bolos (5), judo (4), remo (4), triatlón (3), motociclismo (3), bo-xeo (3), loita (2), surf (2), hípica (2), entre outras modalidades.

## “O club deu un paso adiante coa creación da escola deportiva”

### Andrés Mendez é presidente do Waterpolo Lugo

Andrés Mendez conta como é estar ó frente dun club nun deporte minoritario, que obxetivos teñen de cara a próxima tempada e cal é o percorrido do club ata agora.

#### Como nace o Club Waterpolo Lugo?

O Club Waterpolo Lugo nace da reunión de dous antigos xogadores do Club Waterpolo Santiago que remataron residindo en Lugo por motivos laborais. Botando de menos practicar waterpolo decidiron fundar un novo club, buscando apoio de coñecidos e amigos interesados por este deporte, dando lugar ó nacemento do Club Waterpolo Lugo en abril de 2018.

#### Como chega a dirixir o club e cantos anos leva como presidente?

Despois de unha primeira etapa como xogador cheguei á presidencia do club en 2020 tras a proposta dos socios e ante a marcha do anterior presidente por motivos laborais. O primeiro ano foi complicado debido a que as restricción derivadas da pandemia limitaron o progreso do club e a consecución dos obxetivos programados. Na actualidade continuamos avanzando e mellorando como era de esperar.

#### Onde nace a súa vinculación co deporte?

Levo practicando deporte dende a infancia. Empecei xogando ó balonmán no colexio dende moi pequeno, despois por cuestións de horarios seguí facendo deporte en solitario, principalmente correr, que é o que máis practico actualmente.

#### Que tal foi a acollida do waterpolo na cidade?

A acollida por parte da cidade foi moi calurosa dende os inicios, nunca faltaron deportistas interesados en formar parte do club nin afeccionados para encher as bancadas da piscina municipal de Friga. Tamén contamos co respaldo do Concello de Lugo así como de diferentes patrocinadores privados.

#### Con cantos deportistas e categorías conta o club?

Na última tempada o club contou

cun total de 54 licenzas deportivas que participaron nas categorías absolutas maculina e feminina.

#### Cal é o recorrido do club nestes anos?

O club comeza presentando un equipo absoluto mixto na segunda división galega no que compete durante dúas tempadas. No 2020 damos o salto ás máximas competición galegas presentando dous equipos absolutos un feminino e outro masculino que se manteñen ata hoxe. No ano 2021 iniciase a escola deportiva co obxectivo de crear unha caniteira e formar rapazas e rapaces. A meta é incorporalos nun futuro a un equipo de categoría cadete que poida dar continuidade e viabilidade ó proxecto deportivo do club.

#### Con que dificultades se atopa un club de nova creación dun deporte minoritario?

No caso do waterpolo o mais difícil é contar cun espazo no que desenvolver adestramentos. As instalacións acuáticas son espazos moi demandados por usuarios e nos que ademais se levan a cabo cursos de natación e adestramentos de outras disciplinas deportivas. Por sorte o actual concelleiro de deportes, Mauricio Repetto, amosou unha especial sensibilidade polos deportes minoritarios, respaldando sempre o club e grazas o cal podemos dicir que contamos cun espazo suficiente para levar a cabo a nosa actividade

#### Que é necesario para poder xogar o waterpolo no CWL?

O único requisito indispensable para xogar é saber nadar, a partir de ahí calquera persona pode adaptarse ós adestramentos. Esta esta adaptación será mais sinxela canto maior sexa o nivel de natación ou si xa se ten experiencia en outros deportes de equipo.

#### Que valoración fai da última tempada?

Na última tempada o club deu un paso adiante moi importante coa creación da escola deportiva. Era un obxectivo que estaba na folla de ruta do club dende o principio e que é necesario para darlle con-



tinuiade o proxecto. Ademais os equipos absolutos mostraron una certa mellora de rendemento por todo o cal o balance da pasada tempada é moi positivo.

#### Como se presenta esta nova tempada e cales son obxetivos para este novo ano?

O obxectivo fundamental para

esta nova tempada é contar cun equipo en categorías inferiores que participe en competicións autonómicas. Tamén continuar coa progresión dos equipos en categorías absolutas aumentando a intensidade dos adestramentos na procura de que os resultados melloren respecto a campañas anteriores.



# O fútbol está listo para empezar

Os equipos da provincia están xa listos para dar comezo á liga da tempada 2022/23 de fútbol, que recupera a normalidade tras dous condicionados pola situación pandémica mundial.

As categorías sénior arrancan na súa totalidade este mes, aínda que os que están nas categorías superiores xa iniciaron este ano o seu camiño. O Lugo, o mellor situado, está en Segunda División e polo tanto foi o único en adiantarse ao resto, xa que xogou o seu primeiro partido na ponte da agosto.

O Lugo B ou Polvorín debutou esta fin de semana na nova categoría á que ascendeu a tempada pasada, a Segunda B, onde se enfrontará a equipos do noroeste peninsular, que compernden Asturias, Galicia e Castela León.

Outro dos equipos que comeza esta fin de semana unha nova andaina pola competición futbolística nacional, é o Lugo A xuvenil, que participa na División de Honra dende hai varias tempadas, a categoría máis alta para a mocidade, e que conserva a categoría ano tras ano cunha gran actuación.

Seguindo cos sénior a fin de semana próxima, 11 de setembro, poranse en marcha a maior parte das competicións. En Terceira, o Vilalbés e o Viveiro serán os encargados de defender as cores da provincia, que compartían anteriormente co Polvorín.

Pola súa banda, en Preferente xogarán este ano Sarriana, Ribadeo, Lemos, As Pontes e Residencia, aos que se suma Portomarín mentres que Foz e Escarón caen á Primeira Galicia.

Tamén terá data de inicio de tempada a Primeira Galicia nesta mesma fin de semana. A competición recupera o sistema anterior á pandemia e volve haber un único grupo, o 3, no que 18 equipos disputarán 34 xornadas para e maio dar a coñecer aos novos ascensos. Este ano recibe a categoría ao San Ciprián e o Antas pero Alfoz e San Roque xogarán en Segunda.

A Segunda Galicia tamén recupera formato, polo que haberá dous grupos de 16 equipos cada un con caras novas. Nesta ocasión comezarán unha fin de semana máis tarde, a do 17 e 18 de setembro. Este ano volven ou se estrean na categoría Castro B, Comercial, Lemos B e Carballedo mentres que Quiroga e Bóveda volven a Terceira. Os arrastres tamén se levaron a categoría máis baixa a Abadín e Matela no Norte, e Palas, O Incio, Santa Comba e Páramo no Sur.

Tamén hai equipos novos en terceira este ano, a Comercial B e o Vilalbés B, formados para esta nova tempada, que contará en terceira con 11 equipos no Norte e 12 no Sur. A competición, co formato de sempre, arrancará o 24 de setembro.



**EQUIPOS DE BASE.** As ligas xuvenís seguirán co Lugo B na Liga Nacional xuvenil como único representante xa que o Vilalbés descendeu a pasada tempada. Esta dará comezo tamén o 11 de setembro.

Na Liga Galega, polo tanto, estarán este ano xunto ao descendido, Viveiro e Milagrosa, que ascenderon, e Residencia e Ribadeo. Cae o Calasancio.

En cadete, ao Lugo de División de Honra súmase este ano o Viveiro, e na Galega, outro Viveiro ascendeu da provincial á Galega. Continúan no norte Lugo B e Milagrosa e Calasancio no Sur. Tampouco estarán Residencia e Vilalbés.

En infantil o Lugo estrea a División de Honra, creada este ano, mentres que na Galega seguirán Vivei-

ro e Residencia e únese o Vilalbés. Xuvenís e cadetes iniciarán a competición co sistema prepandemia a fin de semana do 17 e 18 mentres que os infantín farano unha semana máis tarde.

Ademais, as ligas provinciais, que tamén recuperan formato, comezarán tamén no mes de setembro para as categorías xuvenil, cadete e infantil, unhas o farán a fin de semana última de setembro e outras ao seguinte. Xogarán todos en Primeira nas categorías máis pequenas mentres que os xuvenís terán Primeira e Segunda novamente. Si haberá Segunda para os infantís do Sur.

**FEMININO.** O fútbol feminino aínda non ten calendario para os equipos provinciais, agás o PM

## O PP pide que se poña a punto o campo de fútbol de Nadela

Os concelleiros do Grupo Popular piden que se mellore o mantemento do campo de fútbol municipal de Nadela xa que na actualidade esta dotación deportiva está abandonada e infrautilizada.

Os concelleiros populares aseguran que en vez dunha zona deportiva se converteu nunha zona de pasto de cabalos tal e como denuncian os veciños da zona e que comprobaron os populares ao ver como no campo “hai feces de cabalo e tamén un camiño circular arredor da instalación que ten pinta de ser un circuíto para que corran os equinos”.

Os populares explican que tendo en conta que a demanda de instalacións deportivas é superior á oferta que hai “non se entende como o goberno local non se ocupa das dependencias que ten xa que no caso de estar en boas condicións, podería poñerse a disposición de todos os clubs deportivos da cidade e dos usuarios a título particular”.

Friol, que este ano xogarán na Segunda Federación tralo seu ascenso, e que dará comezo á competición tamén o 11 de setembro.

## Comeza a tempada 22/23

Por Adrián Fernández

O 11 de agosto botou a andar unha tempada máis para o Breogán na Liga ACB, cun plantel moi renovado con dez incorporacións (once incluíndo a de Marc García) e só tres xogadores do ano pasado, tratarán de manter o nivel que amosaron o na campaña 21/22.

Veljko Mrcsic e o seu corpo técnico, ao que se uniu o lucense e exadestrador do Ensino Fernán Varela, terán a difícil tarefa de conxuntar un equipo ao que neste mes de agosto chegaban cinco fichaxes máis, o escolta Scott Bamforth, os pivotes Víctor Arteaga, Luka Brajkovic e o internacional congoleño Jonathan Kasibabu e o aleiro Marc García que ven para facela pretempada pero semella que a súa continuidade pode estar vencellada á consecución da praza na BCL. Estes cinco xogadores e máis as xa coñecidas altas de Justus Hollatz, Sergi García, Stefan Momirov, Nemanja Nenadic, Toni Nakic, e Ethan Happ xuntanse aos irmáns Erik e Sergi Quintela e a Marko Lukovic co obxectivo de poder

xogar en europa e conseguila permanencia sen moitos apuros. Un equipo cun plantexamento moi distinto ao dos ano pasado no que non hai xogadores dos talento individual de Musa, Bell-Haynes ou Kalinoski pero si un plantel máis longo no que todos poden aportar en ataque en especial dende a liña de tres puntos, o que favorecerá a circulación do balón e a repartición de minutos algo que virá moi ben se xogamos así dúas competicións.

Con todo isto, o 28 de agosto xogábase o primeiro encontro da preparación en Foz ante o Oporto portugués, nel non só presentábase o equipo se non que tamén aproveitouse para ensinar as novas camisetas coas que se xogará esta tempada. Debut ilusionante cunha vitoria por 84-63 no que se puido ver o que xa agardabamos, intensidade atrás, ameaza constante dende a liña de tres puntos e moitas alternativas en ataque. Ao longo do mes de setembro poderemos ver ao Breogán outros compromisos para ir collen-

do a forma, o 10 xogará no Pazo fronte ao Surne Bilbao Basket, do 15 ao 17 en Ourense disputará a Copa Galicia e a partir do 21 a fase previa da champions en Belgrado, a falta de que se concrete algún amigable máis.

Todo listo para afrontar unha tempada que xa sabemos que comezará o 29 de setembro en Murcia e que o día 2 de outubro será o primeiro encontro en Lugo fronte ao Fuenlabrada; outras datas que hai que ter en conta son os derbis co Obradoiro (8 de xaneiro no Pazo e 26 de marzo no Sar) e os partidos na casa fronte ao Barcelona (11 de decembro) e ao Real Madrid (8 de abril).

Non queda nada para volver a respirar a baloncesto polas rúas de Lugo, pasaron moitos días dende o derradeiro encontro o que fai que a xente teña moitas ganas de que isto comece xa como se puido notar o día que cerca de 300 afeccionados achegáronse ao Pazo para ver un dos primeiros adestramentos do equipo. Hai ilusión por facer outro ano tan bon.

## 35 equipos participan dende este mes de setembro na Copa Deputación de Fútbol Sala

A III Copa Deputación de Fútbol Sala comezou o 4 de setembro, na que participarán 35 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

A competición retómase despois de dúas temporadas co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que incentiva a participación dos equipos con premios en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 220 e 340 euros), ademais de premiar aos equipos campións e subcampións de cada categoría (entre 400 e 750 euros)

O deputado de Deportes Efrén Castro explicou que “co patrocinio desta competición reforzamos o apoio aos clubs de fútbol sala da provincia que, ademais de beneficiarse economicamente da participación, teñen a oportunidade de comezar a com-

petir e traballar na posta a punto de cara a temporada” e sinalou “o alto nivel do fútbol sala na provincia, con equipos de referencia internacional como o Burela FS, deber ser un incentivo para reforzar a afección e a práctica deste deporte”.

Polo que respecta á liga, as previsións da Federación de Fútbol son que a competición comece a mediados do mes de setembro, concretamente a fin de semana do 17 e 18. Aínda non están os calendarios oficiais, agás en Preferente, pero a maior parte das categorías teñen escollida esta data para o inicio oficial, o resto irán nas semanas seguintes.

A fase previa deu comezo o día 4 de setembro con eliminatorias a partido único.

Os cuartos de final serán o 11 de setembro, as semifinais o 18 de setembro e a final: 1 de novembro. Todas elas disputaranse tamén a partido único.



# A paixón pola billarda

Oito equipos da metade norte da península compiten nun deporte tradicional que cada ano gana máis seguidores

Os xogos tradicionais están de moda e volven ser parte das festas de celebracións tradicionais, especialmente no rural. Con este rexurdir hai dez anos que timidamente comezou a recuperar a práctica da billarda, un xogo de equipo, no cal cada xogador emparéllase cun opoñente, e sitúase en cada portería. Así, se nunha portería atópase un defensor cun pau e un adversario coa billarda, na outra portería o compañeiro do que posúe a billarda sen nada e o adversario con outro pau.

Trátase de golpear o paliño que é lanzado polo opoñente situado en fronte e, no caso de golpealo coa billarda, realizar carreiras de ida e volta.

Con esta sinxeleza o xogo capta adeptos ano a ano e xa son oito os equipos que manteñen viva a esencia da billarda, concentrada na metade norte da provincia, xa que na zona sur hai e houbo algún intento de formar club pero finalmente non se reuniu xente bastante aínda que non se dubida que en pouco tempo esta poda ter de novo presenza na zona.

Hai varias asociacións en Chantada que se interesaron moito pero non hai suficientes xogadores para ter unha zona determinada. Non acabou de xurdir e calquera ano pode empezar porque hai xente no Incio e Chantada interesada ou xogando

noutros equipos.

Se hai algo que une a todos os amantes da billarda é unha paixón que os leva a competir unha media dunha vez ao mes por todos os campos da provincia. Pero esa paixón está moi lonxe de fundamentarse na propia competición, para todos os clubs e xogadores, o máis importante é o ambiente, o compañeirismo, a diversión que os leva a repetir e non deixar de xogar.

Malia ser un deporte antigo non só participan os maiores. De feito, cada vez é maior o número de xogadores menores de 18 anos que se suman a este deporte.

Agora a afección levou aos equipos a crear unha Federación pero non todos queren estar baixos os parámetros rixidos, polo que prefiren seguir celebrando ao súa competi-

ción dunha forma máis libre dentro da Conferencia Norleste, unha liga menos rixida coa que comezaron a funionar.

Ademais, tamén se celebran os abertos, que son torneos fóra da competición regular onde se poden presentar sós ou por equipos e que se está a converter nunha actividade habitual nas festas de relevancia.

Pero non todos os clubs son desta idea, xa que algúns creen na necesidade de formalizar a práctica para dispoñer de seguros e manter unhas regras que sen seguridade en especial aos organizadores dos torneos.

Con opinións para todos os gustos, a unión entre eles é total e o obxectivo segue a ser, tal e como coinciden en sinalar, “reunirse e pasalo ben”.



## CHAÍNZOS CADAVAL

**CREACIÓN.** Mario Saaveda Pérez, profesor xubilado que chega á Pastoriza dende Barcelona foi o instigador nas súas orixes, a raíz dun evento de xogos populares. Primeiro creouse o club de bolos Cadaval e despois chegou o de billarda. Posteriormente uníronse a Chaínzos

**XOGADORES.** Hai 12 na liga nacional de billarda pero son un total de 33 xogadores. Infantís son

4, sénior 15 e veteranos outros 15.

**PALMARÉS.** Na liga nacional de billarda, obtiveron os segundos e terceiros postos na maior parte das ocasións e a título individual sempre estiveron os seus xogadores entre os dez primeiros.

**OPINIÓN.**

- O que pretendemos é xogar como federados, con seguro

de accidentes e responsabilidade civil.

- Moitos imos xogar á zona da Coruña porque só xogamos en eventos federados. Hai outros que xogan na liga nacional.
- Acuden país con nenos, avós con nenos. A billarda ten moito futuro pero est pasa por crear a federación.
- O mellor da billarda é a amizade, o compañeirismo e a diversión.

## BILLARDEIROS MUSICAIS

**CREACIÓN.** Billardeiros Musicais xurdiu en 2007 por unha demostración que fixo O Varal nun campamento musical da Asociación Amadores da Música de Ribadeo. Dende aquel mesmo momento fixeron un equipo e xa participaron na liga 2007/2008.

**XOGADORES.** Son arredor de 10 persoas no equipo. Teñen unha infantil de 13 anos, outro de 41 e o resto entre 63 e 83. Son o equipo coa media de idade máis elevada. O número de participantes está algo estancado debido ás baixas pero esperan recuperar en próximas datas.

**PALMARÉS.** Son o equipo mais laureado da Liga Nacional de Billarda (LNB). Campións da conferencia Norleste nos anos 2008-2010-2012-2013-2014-2015-2016-2017-2018 e 2019. Así mesmo son tricampións

nacionais (2008-2015 e 2016). Individualmente teñen sete campionatos absolutos de coanferencia en homes e outros tantos en donas. Igualmente teñen dous tricampións nacionais (MarKyts en absoluto e Geni en donas e un bicampión, Daniel). Varios campionatos tamen na modalidade de varados e títulos na conferencia NorOeste.

**OPINIÓN.**

- Estanse a facer mostras en distintos colexios e cada vez e mais a xente que se anima a xogar.
- Eu penso que aínda que vas a competir e che gusta gañar, o mellor da billarda e a socialización. Fas amigos e xúntaste con xente de tódalas idades, hai casos donde se xuntan pais, fillos e netos xogando o mesmo tempo, isto é algo que so se vé na billarda.



## TROITAS BRAVAS

**CREACIÓN.** Este equipo da Pontenova xurdiu incentivado por unha parella que xogaba xa no Cadaval e que pensou que mellor maneira de seguir xogando que montar un club na súa localidade.

Falaron con amigos e xente vinculada ó equipo de bolos de Santalla e crearon o equipo. Nese momento había límite de xogadores por equipo e tiveron que facer dous conxuntos: Troitas Bravas e Pau de Toxo. No 2011 xa estaban competindo.

**XOGADORES.** Son arredor de 20 persoas no equipo. Regularmente van aos abertos unha media de 13 persoas. O máis novo ten 7 anos e o maior 64.

**PALMARÉS.** Este ano quedaron se-

gundos na clasificación por equipos e o xogador Sachas foi terceiro na clasificación xeral individual. Levan varias tempadas quedando entre os tres primeiros na clasificación por equipos, o que lles permite clasificarnos para a Final Nacional.

**OPINIÓN.**

- A parte máis importante na billarda é a da conservación e difusión deste xogo tradicional.
- O mellor é o compañeirismo que hai entre todos.
- Despois da pandemia volvimos con forza e vimos como a participación aumentou.
- Tamén hai que resaltar a participación infantil que é o futuro deste xogo.





## CASTIÑEIRO MILENARIO

**CREACIÓN.** O xermolo do equipo brotou no Festival da Chaira nunha conversa con Ismael de Outeiro. Tanto el como Chousa (os dous de Carabullo) levaban tras eles unha tempada, pero esa tarde de 2019 caeron nas redes da LNB. Pero a semente primixenia plantouna Tonho Randeira cando lles propuxo un aberto de billarda na primeira edición do Festival 27373.

**XOGADORES.** Equipo igualitario formado por 12 persoas, cinco homes e cinco mulleres palanadores, aos que se suman o utilleiro (home) e a mánager (muller). As idades están entre os vinte e os pouco máis de setenta.

**PALMARÉS.** Son, de momento, o mellor equipo de Begonte.

### OPINIÓN.

- Non é doado atraer á xente porque é complicado chegar a ela pero unha vez probas e lles das uns, enganchas.
- Sempre comentamos que ese son das madeiras cando golpeas a billarda é moi adictivo.
- Cando xogamos na LNB, aplaudese os puntos dos rivais e celebramos as entradas no varal como se fosen do noso equipo. Outra cousa importante é entrenar e pagar as cañas cando gañas e por suposto xogar. Xogar á billarda é case unha actitude na vida.



## CARABULLO

**CREACIÓN.** Foron os primeiros da Terra Chá en participar. Hai nove anos. Unha entrevista a Xermán Viluba deu o pé para que se foran xuntando amigos pouco a pouco ata formar o club.

**XOGADORES.** Conta con 14 xogadores que contan dende os 7 anos ata os 55, a maior part de Ponte de Outeiro e Muimenta.

**PALMARÉS.** Gañaron a liga os dous últimos anos consecutivos. Varios integrantes do equipo teñen o récord de vitoras en abertos e o de anos de campión absoluto con Charly.

### OPINIÓN.

- Da igual o resultado, o importante é gañar, tomar as cañas. Quedamos varios equipos para comer.
- Temos un compromiso absoluto, non hai tanta historia. Xogamos un aberto ao mes máis ou menos e se non vas non pasa nada, pero a realidade é que o estás desexando.
- Esta liga, a norleste está auto-xestionada de catro amigos e este ano xogamos un total de 160 persoas. Non estamos na federación, non está vinculada a ningunha institución que a respalde ni a governe.

## BILLARDA VERDE

**CREACIÓN.** O equipo xurdiu do centro social de Castroverde, A Chave das Noces. Xa cando inauguraron o centro social, se fixo un aberto de billarda e decidiron crear un equipo e entrar na liga. Hai 5 anos.

**XOGADORES.** Agora mesmo están en cambio, porque estaba o equipo de Pol, que se desfixo. E moitos dos que están agora eran dese equipo e agora xogan con Billarda Verde. No equipo son uns 13 xogadores, entre os 30 e os 50 anos.

**PALMARÉS.** Non contan actualmente con ningún título. "Somos dos de

abaixo. Por non ter, nin gañamos tampouco nunca un aberto".

### OPINIÓN.

- O futuro é boísimo. A xente canto máis proba, máis lle gusta.
- Hai un ambiente moi bo e unha rivalidade de xogo, a xente intenta gañar pero, no fondo, é secundario.
- Ese tipo de falta de competitividade, que non haxa cartos polo medio da que funcione moi ben a auto-organización.
- Funcionamos moi ben sen necesidade de institucións.

## OS EQUIPOS

- **Billarda Verde:** Castroverde
- **Madia Leva:** Lugo
- **Carabullo:** Ponte de Outeiro
- **Cháinzos Cadaval:** Castro Ribeiras de Lea.
- **Castiñeiro Milenario:** Begonte
- **Troitas Bravas:** A Pontenova.
- **Remourelle Bulls:** Ribadeo.
- **Billardeiros Musicais:** Ribadeo.



## MADIA LEVA

**CREACIÓN.** A LNB non xurdiu na capital, xurdiu na Mariña e foise espallando. E, dende o centro do Madia Leva decidiron que eles tamén querían participar desa proposta e vincularse no proxecto da LNB e que na cidade de Lugo tiña que haber un equipo desde que se fixo o primeiro aberto na cidade. O equipo naceu no 2008. Estivo en funcionamento ata o 2014 e entre o 2014 e o 2018 tivemos un parón. No 2018 retomaron xa sen parar.

**XOGADORES.** Son arredor de 20 persoas no equipo, dende xente xubilada ata nenos e nenas. Os máis noviños teñen 7 e 8 anos.

**PALMARÉS.** Ata o de agora teñen algún premio individual pero como equipa, non. "Somos modestas pero entusiasmadas", din.

### OPINIÓN.

- Hai quen o considera deporte, hai quen o considera xogo.
- Para nós é un logro que este

ano tivéramos abertos de case 100 persoas.

- Unha das mellores cousas é o ambiente que se crea cos compañeiros e as compañeiras da billarda.
- Ti vas a un festival como Pardiñas, ou en Begonte, e vas a disfrutar e a billarda é un ingrediente máis.
- O maior logro é que se vaian unindo nenos e nenas, que ao fin e ao cabo, é o futuro para que non se perda o xogo.

## REMOURELLE BULLS

**CREACIÓN.** Os Remourelle Bulls naceron na parroquia homónima de Ribadeo e concretamente na Taberna Lola alá polo ano 2006. Despois o equipo foi mudando de xogadores xa que por motivos de traballo fóronse reducindo os equipos que había daquelas.

**XOGADORES.** Son arredor de oito xogadores os que acuden regularmente a xogar. Un equipo pequeno en comparación con outros da liga. A máis nova ten 21 e o máis maior 75 anos. Ao principio houbo outros equipos como o Safari, o Pena Verde, etc, pero que despois de que-

darse sen xogadores integráronse no club.

**PALMARÉS.** Equipo que non rexistra un amplo palmarés porque "non xogamos para gañar senón porque nos gusta compartir vivencias e diversión" aínda así teñen algún título de campión como club e gañadores individuais no seu haber.

### OPINIÓN.

- Compartimos vivencias con persoas que posiblemente senón xogáramos á billarda pois non compartiríamos nunca.
- A billarda saíu para nunca máis

volver da angustiada cova do esquecemento.

- O futuro vai ser longo se seguimos pensando que é un xogo de amigos e sen intereses económicos. Por iso estamos actuando en campamentos de verán ou en colexios e traendo con nós a todos os nenos e que vexan como se xoga e que se involucren.
- A partir deste deporte saíron proxectos moi bonitos como grupos de música ou a creación dun disco de música sobre temática billardeira.



# COLABORACIÓN

## Lumes incontrolados

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**L**evamos un verán este ano caracterizado polas altas temperaturas e por unha escaseza de choivas; en xullo e agosto apenas se contabilizaron un par de xornadas de auga na maior parte do territorio galego, polo que a seca xeneralizada é unha realidade, afectando incluso á propia subministración para negocios e vivendas particulares, con restricións nalgunhas vilas e cidades.

E como non, consecuencia deste tempo son os incendios. Unha vez

máis, observamos que cando a climatoloxía actúa da maneira que o está a facer nos últimos dous meses, é dicir, moita calor, pouca humidade e algo de aire, créase a fórmula perfecta para que os nosos montes ardan de novo. A maioría deses incendios son provocados de forma intencionada polo home, sen saber a ciencia certa cales son as motivacións e que se espera a cambio de facer tanto mal. Pero cómpre valorar outra causa, como aconteceu a mediados de xullo no Courel e na Pobra do Brollón, que aquí en Galicia non era habitual, as treboadas secas, é dicir, produto da excesiva calor xéranse episodios de aparataxe eléctrica, pero que non derivan en choivas. Esa foi a razón,

ou iso nos contaron, dos lumes nas zonas mencionadas, onde arderon máis de cento dez mil hectáreas, que ven sendo case a superficie total do municipio de Begonte, véndose na obriga de evacuar a veciños das súas propias casas ante o perigo que supuña. As imaxes e as testemuñas das persoas afectadas non deixaron dúbidas ao respecto; a pesares de que non se produciron vítimas, os danos materiais foron considerables, así como o desastre medioambiental que conlevan estes voraces incendios. E non foi soamente nesos dous concellos, os cales tiveron que levar a cabo un esforzo considerable para atender os seus administrados, senón tamén noutros puntos da Ribeira Sa-

cra ou en Valdeorras, sen esquecer os que se produciron na provincia de Pontevedra —na Chaira, ata a data fumos librando—.

E de novo escoitamos lamentos duns e doutros; se o monte non está coidado, o abandono do rural, a destrución continuada do bosque autóctono, o cambio climático, etc., etc. Logo aparece a típica, tónica e repetitiva liorta política que en raras ocasións aporta solución.

O certo é que temos un enorme problema que probablemente vaia medrando, porque veráns coma este, secos e moi calorosos, que xa se teñen producido no pasado, habémolos ver no futuro con máis frecuencia e por riba co perigo engadido das treboadas secas. Estamos

ante un auténtico desafío que afectará as nosas vidas e as das xeracións vindeiras. Non só Galicia ten este problema, xa que unha morea de áreas na península Ibérica foron pasto de lumes incontrolados. A todos nos sonarán nomes como Bejís ou Vall d'Ebo, no Levante, xa que foron citados constantemente nos medios de comunicación.

Do acontecido aquí na nosa provincia, un queda coas afirmacións da alcaldesa do Courel, onde insta a ser coidadosos coas plantacións de piñeiros preto de zonas habitadas e incidir nunha nova ordenación do monte.

Máis clara non podía ser. De aquí en adiante xa veremos como se actúa.

## Insubmisión

### O PUPITRE



Julio Díaz

**E**stando a punto de rematar o verán e sentado a carón de dúas familias que mantiñan o eterno debate de principio de curso, como si da canción do verán se tratase, “Deberes Si, Deberes Non” rememorei un cabreo especial que vivín aló polo mes de novembro do ano 2016 cando unha confederación de pais pedía o boicot á realización das tarefas escolares e decidín reproducir neste “meu pupitre” o artigo que un medio de comunicación me solicitara para coñecer a miña opinión sobre tan espíñoso tema. Imos aló

“Chámome Alex, teño 9 anos e fai dous días que apenas durmo porque non sei que facer; o profe púxome unhas tarefas e papá di que non teño que facelas”.

Unha vez máis, como se dun clásico se tratase, preséntase o debate dos deberes escolares pero este ano condimentado coa campaña dunha confederación de pais que pide o boicot e a insubmisión ás tarefas escolares, suscitando unha gran controversia no seo da comunidade educativa, que se fai extensible a toda a sociedade e que coincide, ademais, con outras campañas publicitarias que dalgún xeito cuestionan o labor do profesorado e atenta contra a liberdade de cátedra e o principio peda-

gógico e organizativo dos nosos centros educativos.

Manifesto o meu rechazo ante estas propostas que incitan a insubmisión e ao boicot atentando contra a liberdade do profesorado e a súa autoridade profesional e académica.

A comunicación no centro educativo entre o profesorado e as familias resulta fundamental para resolver estas controversias desde o diálogo co titor/a, co equipo directivo ou desde os órganos de participación educativa como é o Consello Escolar. As propostas de boicot e insubmisión non encaixan na boa dinámica educativa lanzando unha mensaxe demoledora sobre a relación profesor-alumno que socava a autoridade do docente, atenta contra a boa convivencia escolar e en última instancia, contra o rendemento académico do alumno.

Non podo entender que o máximo representante, a nivel nacional, dunha asociación de pais pensase e menos aínda se atrevese a promover unha campaña que di “O meu fillo non leva deberes por unha decisión familiar”. E digo eu cando vai o médico dille “O meu fillo non toma a medicación por decisión familiar” e o domingo no fútbol espétalle ao adestrador “O meu fixo xoga de dianteiro pero hoxe é porteiro por decisión familiar”. Sigo pensando e sorriño para dentro imaxinando a cara que se lle pode quedar á Garda Civil cando con rotundidade lle diga: “Non pode multar ao meu fillo por ir sin carné, xa que o fai por unha decisión familiar”.

Vamos, de coña. Outra das frases para enmarcar é “Na escola falta unha asignatura: o tempo libre”, pois pode ser, pero ese argumento desa asociación de pais para esixir menos deberes baseado en que precisan máis tempo para eles, máis tempo libre e para a vida familiar, obliñame a trasladarlle que unhas deberes ben plantexados deben ocupalos, dependendo da idade, non máis de hora e media que comparado co tempo que adican á televisión, redes sociais, videoxogos, novas tecnoloxías e as múltiples actividades extraescolares ás que os anotan non ten moito sentido culpar as tarefas escolares da falta de disfrute dos seus fillos. O que está claro é que o que os docentes botamos en falta é outra asignatura que se chama “participación real e efectiva dos pais”. Ninguén dubida de que escola e familia deben de traballar de forma conxunta, pero parece que a maioría das veces en vez de aunarse esforzos o que fan é camiñar en liñas paralelas que non conducen a ningures.

A participación real e colaborativa da familia é unha asignatura pendente nos centros educativos. Familia e escola teñen que traballar ao unísono, pero o certo é que non sempre os pais o entenden deste xeito e acaban colocándose “frente a” en lugar de “ao lado” e moitas veces os camiños de colaboración que escollen en vez de remar na mesma dirección e sentido fano en sentido contrario.

### O RECUNCHO DE CANELINA



É recomendable que os pais coñezan ao profesor dos seus fillos e que traten de ter unha relación colaborativa e cordial; é preciso rematar coa tensión que a día de hoxe xérase nos nosos centros educativos no que respecta á relación dos pais cos docentes dos seus fillos. Non é entendible o clima de tensión que moitas veces se está a vivir, debe asumirse que a aula é cousa do docente e debe ser o lugar onde poida realizar o seu traballo sen presións nin coaccións. Moitas veces os docentes preguntámonos por qué estes mesmos proxenitores que se están a inmiscuir no


noso traballo non o fan no doutros profesionais, ninguén se imaxina a un papá /mamá dicíndolle ao médico como debe anestesiarse, onde aplicar o bisturí, onde saturar, que receitar... e iso é aplicable aos distintos profesionais que ao longo do tempo traballan cos seus fillos. Aínda que quizais teña unha explicación grazas á teoría, baseada en feitos científicos, que conclúe que “neste país todo o mundo entende de fútbol e de educación”.

Gustaríame acabar citando un proverbio africano que di: “Para educar a un neno fai falta toda a tribu”



# Conversa coa dramaturga, narradora e actriz Ana Carreira

## RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

**A**na Carreira Varela, nacida e residente en Lugo, percorre Galicia contando contos e actuando en teatro.

### Cal é a túa formación?

Hai anos estudei Filoloxía Hispánica, especialidade en Lingua Galega. Máis tarde, obtiven o Grao en Arte Dramática na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, especializándome en Dirección e Dramaturxia no itinerario de Dramaturxia.

### Actualmente en que traballas?

Eu son dramaturga, narradora oral e actriz en Ubú Teatro e Pinconús. E imparto cursos de escritura, narración oral e teatro.

### Como xurdiu o feito de ser unha contacontos?

Eu sempre fun narradora, foi como algo natural. Hai que ter en conta que a tradición oral existe en todas as culturas e en Galicia non se chegou a perder nunca. No meu caso, o paso de ser unha persoa que contaba cousas a ser unha contacontos profesional foi doado. Cheguei nun bo momento.

Todo o mundo conta historias, pero non todo o mundo ten esa tendencia natural.

### Que non son monólogos.

Non, a nosa finalidade non é a hilaridade, a risa do espectador, coma no caso dos monólogos, aínda que o humor pode aparecer coma recurso, pero non é o noso obxectivo.

### Cóñecese a tradición oral?

Non hai moito interese pola cultura en xeral, mesmo persoas das diferentes manifestacións artísticas hai certo descoñecemento. E ata hai certo illamento co resto de Galicia.

### Por que outras partes de Galicia van ter algún interese en coñecernos, se entre nós non o hai?

A xente de Lugo non sabe o que se fai en Lugo. Hai grandes ar-

tistas en pintura, escultura, literatura, música, teatro afeccionado e profesional.

De todos modos, antes, para dedicarse profesionalmente ás artes escénicas, tiñas que marchar fóra de Lugo. Agora podes vivir nesta cidade e moverte por toda Galicia. O illamento xeográfico, que houbo e hai, non pode ser unha excusa. Que che leva máis tempo? Si, pero é posible.

Temos que mirarnos nós para que nos vexan e procurar de non ser endogámicos, pintores con pintores, poetas con poetas... senón procurar unha mestura para xerar novas cousas.

A Muralla está moi ben onde

porque podemos aburrir. Hai que ter en conta a importancia da ficción, da maxia, dos símbolos.

### Estase a favorecer a narración oral?

Podería favorecerse moito máis, tomala máis en serio. Sobre todo nesta sociedade na que prevalece o audiovisual. Mais, os contos teñen imaxe porque cando falamos, creámoas. Os espectadores non só escoitan palabras. Coas palabras escoitadas constrúen imaxes nas súas cabezas. Eu, mentres estou contando o conto creo unha conversa na que os espectadores me conceden a palabra. Se



está e non nas nosas cabezas.

### Por que é tan importante a narración oral para os nenos e nenas?

Por moitos motivos: por identidade, por saber quen somos, de onde vivimos. Tamén pola fantasía ou a capacidade de recoñecer outros mundos. Por que facendo enténdese a xente.

### Ten certa faceta pedagóxica?

Todo pode ter algo pedagóxico. Pódese utilizar para explicar cousas, como por exemplo, as lendas ou os mitos, que son en si mesmos pedagóxicos, sexan ou non verdade. O que pasa é que hai que ter coidado con que a faceta pedagóxica sexa única

fago preguntas agardo que me respondan, pero hai que fomentar a capacidade de escoita, sen unha obriga de interacción.

Hai quen pensa que para contar a nenos tes que levar bonecos, disfraces e escenografía, pero iso é teatro. Unha persoa que conta non necesita nada máis que o seu corpo, a súa respiración, as súas imaxes, a súas palabras e ata o silencio.

Tamén é importante coñecer como son os nenos e nenas e non venderse ao que está de moda que xa o ven noutros medios, coma a televisión. Eu voules falar, sempre, doutras cousas.

## PASATEMPOS

Fácil

		8		3			6	
6	4				7			3
5		7		6			2	
	8	4					3	5
		3	4				9	
7	6				9	2	8	
	5		7				3	
	7			2	6			9
	2						7	5

Difícil

		3	6	5		7			4
2					8			5	
8					3	6			
	2	4			5	3			8
5	8					2	6		
					7	9			5
				4					
3		8				5			
4								7	5

## SOLUCIÓNS

1	5	7	8	3	6	5	4	2	8
6	4				7			3	
5		7		6			2		
	8	4					3	5	
		3	4				9		
7	6				9	2	8		
	5		7				3		
	7			2	6			9	
	2						7	5	

Fácil

1	5	7	8	3	6	5	4	2	8
6	4				7			3	
5		7		6			2		
	8	4					3	5	
		3	4				9		
7	6				9	2	8		
	5		7				3		
	7			2	6			9	
	2						7	5	

Difícil

Consulta os eventos en:  
[www.lugoxa.com](http://www.lugoxa.com)

# LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: [redaccion@lugoxa.com](mailto:redaccion@lugoxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 56-2021



## DE RUTA EN RUTA

# Guntín: Ruta do Río Ferreira

É un camiño perfectamente pavimentado e iluminado pola beira esquerda ata a Ponte Cabalar, que une as dúas marxes

Este fermoso roteiro en Guntín ten a súa saída da área recreativa dos Campos de Meixaboi e discorre a maior parte do seu traxecto pola marxe esquerda do río Ferreira, por un camiño perfectamente pavimentado e iluminado, ata chegar a Ponte Cabalar, ponte que une as marxes do río Ferreira.

Deixando a ponte á nosa dereita tomamos dirección estrada arriba para percorrer un pequeno tramo asfaltado e incorporarnos a un carreiro que estará situado a nosa dereita. A través deste camiño de terra chegaremos ao núcleo de Santa María de Ferreira de Pallares, onde poderemos admirar a igrexa monasterial de Santa María de Ferreira de Pallares e o propio mosteiro, declarado ben de interese cultural.

O mosteiro fundado no ano 909 polos condes Don Ero e Doña Elvira garda grandes historias entre as súas paredes. Unha das paredes do priorato-rectoral ten unha pedra con motivos castreses que se poden identificar como pertencentes a anterior igrexa visigótica. De este período alto medieval é tamén un sepulcro de tipoloxía xa antropomorfa facendo de pilón nunha fonte preto

do complexo monacal.

Todo o conxunto actual, a excepción do priorato rectoral, que garda preciosos segredos no seu interior é obra de catro etapas fundamentais. A primeira delas pertence á estrutura románica da igrexa, na segunda etapa realizouse a capela panteón da Taboada. Posteriormente realizouse a construción do claustro e finalmente a torre.

Ademais desta impresionante riqueza histórica que se pon de manifesto en lugares como a Ponte Cabalar, a antiga ferrería dependente do Mosteiro de Ferreira de Pallares, e o propio mosteiro podemos disfrutar da súa gran riqueza natural o longo de todo o recorrido a carón do río Ferreira.

Se queremos realizar unha ruta máis longa podemos continuar polo camiño preto do río Ferreira e a carretera para coñecer diferentes pobos como Vilaxuste, Vilar, Domez, Frameán, Vilamerelle ou San Vicente nun recorrido circular que volve a Guntín.



## DATOS



1 h 30 min.



3 km.



Dificultade fácil

## Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas



**CURSOS GRATUITOS CAP CONTINUA**

**AVECUS**  
Río Narla, 48-50 Lugo  
Telf. 982 817 561 info@avecus.es  
www.avecus.es